



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

|  |                               |
|--|-------------------------------|
| <b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4 DE MARZO DE 2010</b> |                               |
| <b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA                  |                               |
| <b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA   | <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA |

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro  
DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ, (que retirou ás 22:55 h)  
Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE  
Primeira Tenente de Alcalde  
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO  
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS  
Concelleiro  
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ  
Concelleiro

FALTA

DNA. ISABEL RUIZ FERRO  
Concelleira do BNG

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e tres minutos do día catro de marzo de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA.-**

|      |  |
|------|--|
| 1º.- | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 28 DE XANEIRO DE 2010 E 4 DE FEBREIRO DE 2010  |
| 2º.- | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, SOBRE ADHESIÓN AO MANIFESTO “GALICIA TEN DEREITO”.  |
| 3º.- | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN SOBRE APOIO Á CANDIDATURA DA FUNDACIÓN VICENTE FERRER AO PREMIO NOBEL DA PAZ.                          |
| 4º.- | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL, RELATIVO ÁS UNIDADES DE XESTIÓN FORESTAL.  |
| 5º.- | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO A ACTUACIÓN A INSTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA A SUPERACIÓN DA DISCRIMINACIÓN DAS MULLERES |

|      |   |
|------|---|
| 6º.- | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, SOBRE ADHESIÓN Á “DECLARACIÓN DE CÁDIZ, CARA A UNHA SOCIEDADE MÁIS EFICAZ E SOSTIBLE”.  |
| 7º.- | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, SOBRE APROBACIÓN DE MANIFESTO DO CONCELLO DA ESTRADA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DA MULLER TRABALLADORA.   |
| 8º.- | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO AO PASAMENTO EN CUBA DE D. ORLANDO ZAPATE.   |
| 9º.- | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE CULTURA, SOBRE APOIO Á SOLICITUDE DE CONCESIÓN AO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA MANUEL GARCÍA BARROS DO BACHARELATO DE ARTES NAS SÚAS DÚAS VÍAS DE ARTES PLÁSTICAS, DESEÑO E IMAXE, E ARTES ESCÉNICAS, MÚSICA E DANZA. |

## B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN.-

|       |  |
|-------|--|
| 10º.- | DACIÓN DE CONTA DO AGRADECIMENTO Á CORPORACIÓN REMITIDA POR D. ROBERTO BLANCO VALDÉS.  |
| 11º.- | DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO DO 16 AO 31 DE DECEMBRO DE 2009, ASÍ COMO NO MES DE XANEIRO DE 2010. |
| 12º.- | ROGOS E PREGUNTAS.   |

\*\*\*\*\*

## A) PARTE RESOLUTORIA.-

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 28 DE XANEIRO DE 2010 E 4 DE FEBREIRO DE 2010.

*Sra. López Doce, do BNG: Entendemos que a acta correspondente ao día 4 de febreiro, non está redactada como esixe a normativa, en concreto o artigo 1 da Lei 5/1988 de uso do galego como lingua oficial pola entidades locais, e consonte ao art. 7 da Lei 5/1997 do 22 de xuño da Administración Local de Galicia; e polo tanto solicitamos que o parágrafo que figura na páxina 11 transcrito en castelán, se transcriba en galego como di a lei.*

*Secretario: Simplemente quero sinalar que a acta se atopa redactada en galego, e as intervencións recollidas literalmente, respectando a lingua na que se produciron.*

*Sra. López Doce, do BNG: Iso non é o que di a lei, e eu simplemente non me vou poñer aquí a discutir co señor secretario nin a discrepar de como interpreta a normativa vixente. A normativa é clara e di que as actas se redactarán en galego, poden redactarse ademais na outra lingua oficial de Galicia. Entón, simplemente se engada esta corrección e se non é así teremos que votar en contra da aprobación da acta.*

*Sr. Alcalde: Neste caso, nós imos respectar o criterio da Secretaría, que considero que é unha cuestión meramente técnica. En calquera caso, nós somos defensores de que as actas se fagan en galego, excepto que a Secretaría entende que polo motivo técnico que considere oportuno, non debe ser así.*

*Sr. Reboredo Baños: Nós tamén queremos sumarnos á súa postura, e imos votar a favor da acta, por entender que Secretaría ten capacidade para facer as actas interpretando a lingua do interlocutor.*

*Sr. López Campos, do PP: Nós tamén imos votar favorablemente, pois entendemos lóxica a interpretación do secretario, polo que imos aprobar no seu contido e na súa forma a acta.*

*Sr. Alcalde: Se é necesario facer unha votación en torno á aprobación da acta, procedemos á votación.*

Finalmente, as actas resultan aprobadas. Por unanimidade a correspondente ao día 28 de xaneiro de 2010, e por maioría a correspondente á sesión do Pleno celebrada o 4 de febreiro de 2010, cos votos a favor do PSdeG – PSOE, PP e concelleiros non adscritos e os votos en contra do BNG. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, SOBRE ADHESIÓN AO MANIFESTO “GALICIA TEN DEREITO”.** O Secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame aprobado pola Comisión Informativa de Benestar Social celebrada o 26-02-10.

*Dona Raquel López Doce, do BNG: Ben, creo que non é ningunha novidade para ningún dos membros que integran o Pleno desta Corporación, a situación que se está a vivir; a verdade que os feitos que se están sucedendo, mesmo nas últimas horas, non son nada positivos en relación á situación das caixas galegas. Todos sabemos que a crise económica xerada pola especulación financeira (non foi por outro motivo, non foi por unha crise das materias primas, nin unha crise enerxética nin un problema na produción nin na comercialización) deu lugar á adopción dunha serie de medidas como foi a achega de fondos económicos públicos ás entidades financeiras para que superasen esa situación. A verdade é que o BNG non apoiou esas medidas da maneira na que se fixeron, sen garantías de recuperar eses fondos públicos, e agora estamos pagando todos e todas, toda a cidadanía, especialmente os traballadores e traballadoras, o gasto deses fondos públicos, e asistimos todos os días por parte de uns e de outros aos intentos de recortar os dereitos conseguidos grazas ao esforzo de todos e todas nós en materia de salarios, pensións, servizos públicos...; é dicir, neste contexto o Goberno do Estado propón unha medida que é o FROB, o Fondo de Ordenación Bancaria, que implica que para que as entidades financeiras poidan optar a eses fondos, deben reunir un capital de cincuenta mil millóns de euros mínimo. Isto o que implica na práctica é que as nosas caixas, que dado o contexto no que se moven (pois isto non é unha autarquía e responde a un contexto global) teñan que fusionarse con outras entidades, pois aínda que son solventes as dúas, entón, diante dese panorama, as nosas caixas galegas van ter que fusionarse entre elas ou con outras, posiblemente nós entendemos que como paso previo á absorción por parte da banca privada, coa desaparición destes instrumentos de financiamento público ou semipúblico. Dese contexto, todos somos conscientes, e na altura na que empezaron a producirse estes feitos, as forzas políticas galegas con presenza no Parlamento, aprobaron por unanimidade unha resolución que instaba a manter a galegitude das caixas, a modificar a lei de caixas galega e instar a que o aforro dos traballadores e traballadoras galegas e tamén non só o aforro, senón o beneficio que xeran as caixas, esa obra social, que se invista aquí e non só para obra social en materia cultural, senón tamén en materia económica; modificar a lei de caixas para superar esa visión local que tiñan ata o de agora as direccións tanto de Caixanova como de Caixa Galicia, incorporando representantes a nivel autonómico, para ter unha visión de conxunto a nivel de país e que se reactivase o crédito, que foi un dos problemas fundamentais que aquí provocou a crise económica, que foi a retirada de crédito ás pequenas e medianas empresas e forzou a reducir a súa actividade e mesmo pechar, para que con esa nova lei que puidesen facer investimento no noso país e adoptar medidas de*

*superación da crise. Nese contexto, unha das forzas políticas maioritarias no noso país, secundando o que lle designan dende o Estado, desmárcase da reforma da lei, e a lei é aprobada por maioría no Parlamento Galego, presentándose a continuación un recurso que impide na práctica a aprobación de varios dos seus artigos fundamentais, e hoxe vemos como a política maioritaria do outro partido, tamén obedecendo ó seu centro de decisión que non está en Galicia ao servizo dos galegos, e ao servizo doutros intereses, retírase da cuestión da galegitude das caixas, e entón posiblemente vexamos esta mesma semana como deixa de defender os intereses de galegos e galegas fronte ó Goberno do Estado, coa presentación dese recurso ao FROB, que era o camiño que o BNG lle expuxo dende o primeiro momento que era o camiño que tiña que ter seguido. Como consecuencia..., ben, eu estou xa adiantándome ao sucedido, porque hai que estar ao día do que sucede neste tema. Nunha fase anterior, o PP e o BNG como partidos políticos, todas as forzas sindicais e a organización que representa a todos os empresarios de Galiza, asinaron un manifesto, que é o que se somete á súa aprobación ao Pleno desta Corporación e que se chamou “Galiza ten dereito”. E os dereitos que se pon de manifesto que Galiza ten dereito, son que Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do país, regulado polo seu Parlamento como expresión de autogoberno; é vital preservar a Lei de caixas de Galicia, Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego, parece que nos tratan como menores de idade ou coma unha comunidade de segunda, iso non está no texto do manifesto. Que non nos dean un tratamento de autonomía de segunda si que está, cuestionando a constitucionalidade da lei galega: se non se fixo coa vasca, a catalá ou a andaluza, ¿por que si se fai coa nosa e non con estes outros territorios? O goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno dentro do marco competencial vixente teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído para defender os intereses de todos os galegos e galegas como ordena o Estatuto de Autonomía. E Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas e o goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas tamén teñen tanto dereito como as de calquera outra comunidade autónoma para propiciar unha fusión dentro do país cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegitude das caixas galegas coa súa fusión, unha fusión paritaria da que xurda unha caixa solvente para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos. Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e preto de oitenta mil millóns de euros en activo. Isto é parte do aforro das galegas e galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe para financiar o investimento doutros territorios. Galiza debe defender o seu, ten dereito.*

**Sr. Alcalde:** ¿Algunha outra intervención?

**Sr. López Campos do PP:** *Boas noites a todos, como xa relatou a voceira do Bloque Nacionalista Galego, pois dende o Partido Popular entendemos que tamén debemos posicionarnos a favor deste manifesto suscrito por forzas sindicais, forzas sociais e forzas políticas. Nós non imos entrar no relatorio de feitos acontecidos, eu creo que o debate non achega nada positivo pero si creo que hai que facer unha reflexión en voz alta do que realmente pode supoñer o tema en termos máis coloquiais, o que pode ser a situación que está a atravesar o sector financeiro en Galicia e a nivel estatal. Hai unha figura que é a que capitaliza ou se sitúa no centro de todas as decisións que se van tomar e que se están a tomar, que é o FROB, como dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego, o Fondo de Reestruturación da Ordenación Bancaria, que é un instrumento que crea o goberno para buscar unha maior solvencia e unha maior fortaleza do sistema financeiro español a través de fusións das entidades financeiras; ese instrumento é unha fórmula adecuada para axustar a*

dimensión das entidades financeiras, das caixas de aforro ou dos bancos á situación actual do mercado; cómpre salientar que hai diversos estudos que din que o mapa financeiro español é demasiado extenso e que realmente só se pode falar dunha fortaleza do sistema financeiro despois se desta crise económica só prevalecen entre doce e quince entidades financeiras con fortaleza suficiente para poder competir nun mercado cada vez máis global, e sobre todo pois coa cantidade de activos en risco que teñen as entidades financeiras. Nesta liña créase ese fondo de reestruturación para que as entidades financeiras se poidan acoller a el, poidan coller liquidez e se poidan fusionar, o que implica por un lado gañar volume, ser máis competitivas e buscar a un prazo de tempo pois que estean máis saneadas que na actualidade. Pois o impacto da morosidade e do apalancamento dos recursos que teñen é importante e polo tanto hai que buscar un medio para solucionar ese problema. ¿Cal é a decisión que se toma a nivel autonómico, a nivel galego?. Pois había unha lei de caixas de aforros bastante anticuada e o que se pretende é que a través da modificación desa lei no mes de decembro de dous mil nove, hai escasos tres meses ou aínda non, se toma a decisión de modificar esa lei para blindar determinados aspectos que teñen que ver con esa lei das caixas de aforro galegas porque está claro que co sistema financeiro actual e co Fondo de Reestruturación de Ordenación Bancaria nos podemos atopar cun problema serio. E é que ante esa busca de entidades solventes, ante esa busca de fusións, as caixas galegas non están protexidas, calquera entidade financeira máis grande que a caixa galega... As dúas caixas galegas no mapa español son caixas pequenas. Dentro do mapa financeiro galego está claro que a única solución que teñen para buscar esa solvencia tanto Caixa Galicia como Caixanova, é fusionarse con outra entidade. E en todos os supostos de fusión de Caixa Galicia e Caixanova, terán que verse obrigados a fusionarse cunha caixa máis grande e máis forte que calquera das dúas caixas galegas. Iso implica que con esta reordenación bancaria tanto Caixa Galicia como Caixanova perderían dous aspectos que son importantes, que son implantación territorial e a galegitude; o centro de toma de decisións seguramente se iría cara outro lado e perderíamos ese potencial enorme que temos en Galicia. Ademais, hai un aspecto que é importante e o propio gobernador do Banco de España o dixo, e é que todos os procesos de fusión, todas as entidades que se acollan ao FROB acabarán nun proceso de fusión que finalizará no prazo de catro ou cinco anos nunha bancalización das caixas, o que se pretende é eliminar o espírito fundacional das caixas de aforros, que se sometan ao FROB, e que pasen a estar dirixidas por un ente superior que xestionará esa fusión, e que teñan unha estrutura xurídica dun banco ao puro estilo e perderían as características fundacionais que teñen as caixas no seu propio espírito fundacional como dicía a voceira do BNG, de implantación no propio territorio e ademais de colaboración na obra social e de financiamento. Eu neste tema, pois teño a experiencia de 14 anos de traballar nunha entidade financeira que non é galega e sei de que forma se pode traballar e de que forma incide no propio territorio a titularidade ou o asentamento desas entidades. E o digo para que sirva de exemplo que a expansión que tivo Caixa Galicia, por poñer un exemplo das dúas caixas galegas, de cada 100 euros que capta de recursos, de clientes, inviste en Galicia 120. Isto quere dicir que Caixa Galicia coa súa implantación territorial no resto do territorio español recolle recursos que veñen ao noso territorio e os presta e os deixa en Galicia. Polo tanto de cada 100 euros que recada inviste 120 en Galicia, polo tanto inviste, presta ás empresas e aos particulares un 20% máis dos recursos que xestiona. Isto é moi importante destacalo porque no momento en que perdamos esa galegitude das caixas, o proceso vai ser á inversa, esa entidade financeira resultante, captará recursos en Galicia que prestará no territorio no que estea asentada, e iso tendo en conta a situación financeira actual eu creo que sería unha decisión nefasta para Galicia e moi problemática para o noso tecido económico e empresarial polas características que

*ten. Polo tanto, eu creo que estamos nun momento de corrixir un problema, unha disfunción que vén orixinada única e exclusivamente porque houbo unha importante deslealdade política por parte do Partido Socialista en Galicia que intentou utilizar politicamente un tema que debería de ser un tema de estado e un tema no que todos deberían poñerse e arrimar o ombro na procura dunha decisión boa e sensata para os intereses Galegos. E nese caso houbo un desprazamento de parte do Partido Socialista a nivel galego que obrigou a que o goberno central se vise nunha situación bastante complicada de desdicir a opinión que o Alcalde de Vigo, ou o líder do partido socialista estaban a dar en Galicia. Iso motivou un recurso forzado eu creo que extremadamente politizado e que pon en xaque e nunha situación moi complicada o futuro das caixas galegas porque hai un problema que está claro e é que a viabilidade das dúas caixas pasa por unha fusión. Se non hai posibilidade por parte da Xunta de Galicia de forzar esa fusión a nivel autonómico, está claro que esas entidades se fusionarán con outras e esas outras tomarán ou poñerán o centro de toma de decisión fóra do noso territorio e polo tanto perderemos literalmente as dúas caixas galegas en beneficio doutra caixa maior que absorberá o seu volume de negocio e a xestionará baixo os seus intereses, pero nunca tendo en conta a presenza territorial, o impacto da obra social e a súa solvencia e a súa galegitude. Polo tanto eu creo que temos que ter altura de miras, e creo que ante un tema de importancia non chega só que no Parlamento de Galicia se tomen estas decisións, senón que en todos e cada un dos concellos de Galicia nos manifestemos a favor de que se busque unha solución, e dende logo Galicia ten dereito a ter entidades financeiras galegas solventes e cun futuro na nosa terra. Nada máis.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Ben, despois das explicacións tanto da voceira do BNG como do Partido Popular, creo que non hai elementos novos para poñer na mesa. Nós soamente dicir que non observamos ningunha actitude ou cambio de actitude en canto á defensa desa fusión das caixas galegas e por tanto estamos convencidos de que o goberno galego e todas as administracións paralelas e todas as forzas sindicais e empresariais pois porán todo o esforzo sobre a mesa para conseguir esa fusión das caixas galegas e polo tanto nós imos dar o noso apoio decidido a este manifesto.*

Non habendo máis intervencións, sométese a votación o ditame da Comisión Informativa de Organización, adoptado en sesión do 22-02-10, resultando once votos a favor (PP, BNG e Sres. Reboredo Baños e Torres Álvarez) e nove abstencións (PSdeG – PSOE), polo que se adopta o seguinte ACORDO:

1º.-Aproba-lo manifesto “Galicia ten dereito” presentado no Parlamento de Galicia o pasado día 5 de febreiro de 2010.

2º.-Acorda-la adhesión do Concello da Estrada ó citado manifesto, dando traslado do correspondente acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e ó Goberno de España.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN SOBRE APOIO Á CANDIDATURA DA FUNDACIÓN VICENTE FERRER AO PREMIO NOBEL DA PAZ.** O Secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame aprobado pola Comisión Informativa de Organización celebrada o 22-02-10.

Non habendo intervención ningunha, adóptase por unanimidade o seguinte ACORDO:

-Mostrar o apoio e respaldo do Concello da Estrada á Candidatura da Fundación Vicente Ferrer ao Premio Nobel da Paz.

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL, RELATIVO ÁS UNIDADES DE XESTIÓN FORESTAL.** O Secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame aprobado pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Rural de 25-02-10 cos votos a favor dos concelleiros dos grupos do PSdeG, PSOE e BNG, absténdose os restantes membros que integran a Comisión.

***Dona Raquel López Doce, do BNG:*** Ben, creo que os representantes do Partido Popular e os concelleiros non adscritos tiñan previsto asesorarse. Eu non sei se van cambiar (espero que si) no sentido do voto expresado na comisión informativa e tamén sería conveniente, iso desexamos dende este grupo municipal, que esta moción fose aprobada así mesmo por unanimidade dos grupos municipais. Eu creo que tamén non é nada novo cal era a situación do monte galego, a maioría abandonado e suxeito a problemas de incendios forestais, é un dos maiores problemas que temos no noso país. Puxéronse en marcha un montón de medidas, a lei que se aprobou e que entrou en vigor no ano 2007 trataba de corrixir esta situación, non só o que é a produción de incendios forestais polo estado do monte senón unha cuestión fundamental que é a posta en valor dese monte, é dicir, o noso monte é un monte rico e moi produtivo que o que produce pola falta de coidados axeitados é masa combustible en vez de producir madeira de calidade que poidan producir os propietarios e propietarias. E púxose en marcha, dada a pequena dimensión que teñen as parcelas do monte, un instrumento como son as unidades de xestión forestal para que os propietarios e propietarias agrupasen ese monte e puidesen cultivalo dunha maneira eficiente e sacarlle rendibilidade e por outra parte evitar esa espada de Damocles que temos sempre enriba como son os lumes forestais. Iniciouse o proceso de constitución das Unidades de Xestión Forestal despois da publicación do Decreto no ano 2008 e empezaron a constituírse algunhas unidades de xestión forestal. O noso concello en concreto fixo unha solicitude, que ía máis adiantada que outra, a Coviña no monte da Somoza que unifica para a súa xestión conxunta 22 hectáreas de monte que son 120 parcelas en mans de 50 de propietarios e outra, a de Contumil no monte da parroquia de Tabeirós, tamén xunta 21 hectáreas e 141 parcelas; aparte, a min cónstame, e seguro que tamén lle costa ao resto dos grupos municipais, que noutras parroquias estaban facendo tamén reunións para constituír unidades de xestión forestal. O cambio de goberno despois do un de marzo do ano pasado paralizou este proceso e o que reclamamos, para o que pide o apoio este grupo municipal é para que se saque por unanimidade a moción que reclama da Xunta de Galicia a continuidade do modelo de xestión conxunta dos montes, xa que é a única forma viable de poñer en valos as pequenas parcelas forestais espalladas por todo o país, a axilización dos trámites administrativos para a constitución daquelas Uxfor que tivesen iniciado o proceso de constitución, o cumprimento dos compromisos adquiridos pola administración cos promotores da Uxfor no tocante á constitución, execución de obra forestal, acondicionamento de terreos e traballos de silvicultura, fase na que estaba en concreto a Uxfor A Coviña; e dar traslado destes acordos á Consellería de Medio Rural e á Consellería de Presidencia. Nós entendemos que é unha maneira tamén de xerar riqueza nunha época de crise, de xerar postos de traballo, e por este conxunto de motivos solicitamos o apoio á moción de todos os grupos municipais ben, en especial, refírome aos concelleiros non adscritos e a os do Partido Popular que se abstiveron na comisión.

***Sr. López Campos do PP:*** En relación ás unidades de xestión forestal eu creo que hai que deixar matizados algúns aspectos dende o principio, polo que intentarei



face-la miña intervención deixando claro que non estamos ou podemos coincidir en aspectos importantes do que é a filosofía que levou a poñer en marcha dous proxectos dinamizadores como poden ser as Uxfor ou Bantegal dous proxectos que tiñan realmente implantación no medio rural e non estando en desacordo coa filosofía deses proxectos eu creo que non podemos estar en máis desacordo co que foi a xestión e parte das decisións que se tomaron en torno a estes dous proxectos que consideramos claramente deficientes á hora de valorar tanto a xestión do bipartito na Xunta de Galicia, como a resolución final ou a utilidade final destes dous proxectos. E dígoo porque si estamos de acordo claramente con que o noso monte, a nosa masa forestal, non está aproveitado suficientemente. Está claro que Galicia en xeral, e A Estrada en particular, ten un gran potencial forestal e está demostrado ademais que determinadas especies aquí teñen unha capacidade de crecemento moi superior a calquera outro país da Unión Europea, polas condicións climatolóxicas e da terra. E é certo que non estamos aproveitando de forma debida os recursos naturais e ese potencial que puidese ser para o noso rural o aproveitamento desa masa forestal e o aproveitamento do monte. Pero si é certo, neste caso falando de Uxfor, creo que foi un fracaso rotundo na súa xestión e así aínda que é certo que se presentaron en toda Galicia corenta e oito expedientes e na Estrada dous expedientes, realmente houbo vinte e seis deles que tiveron apoio directo da administración e todos, absolutamente todos están paralizados por problemas, por deficiencias, por inconcrecións no que é a documentación e no que é o trámite previo para a aprobación desas unidades de xestión forestal; todos, non hai un só proxecto dos corenta e seis que se presentaron, ni un só que recibise o visto visto bo por parte da Consellería, nin un. Iso pode ter unha explicación que nós entendemos que é clara, que é que seguramente non se elixiu o mellor modelo xurídico-administrativo para poder tramitar ese tipo de proxectos de desenvolvemento rural ou desenvolvemento forestal. É importante destacar que o decreto da Uxfor tivo o voto desfavorable do Consello Consultivo dicindo que infrinxe a normativa estatal de carácter básico en relación co réxime xurídico da propiedade forestal. Este é un aspecto importante e un dos aspectos que condiciona decididamente o posible desenvolvemento das Uxfor de todos os proxectos que están presentados actualmente na Consellería. Tamén a asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia informou negativamente falando da debilidade normativa deste decreto e que era conveniente facer, ou depurar, ou entrar máis en detalle sobre aspectos básicos dende o punto de vista técnico xurídico, que se vía que había certas debilidades que podían dar lugar a problemas na tramitación como posteriormente así foi. O que está claro é que a día de hoxe, e cando o propio goberno bipartito deixou a Xunta de Galicia, había corenta e oito expedientes e os corenta e oito estaban parados. Defectos formais, defectos de tramitación, inconcrecións, problemas xurídicos- administrativos..., está claro que nin un só proxecto durante este tempo viu a luz. ¿E por que? Pois poden ser varios aspectos e tampouco pretendo entrar en grandes detalles cales son as grandes problemáticas que podían ter, pero si hai dous aspectos que son importantes: a calidade legal do propio decreto, que era moi cuestionable, e o gran carácter intervencionista que tiña sobre a estrutura territorial, sobre a propiedade. Ese foi o gran problema que ocasionou este decreto de Uxfor e sobre todo a súa xestión e a súa función. Resultaba bastante difícil entender como para aprobar unha unidade de xestión forestal había que reorganizar a totalidade dos predios que formaban parte desa Uxfor. E non son a totalidade deses predios senón que todos os predios que estivesen no contorno desa Uxfor, terían que adaptarse ás disposicións establecidas dentro dos propios criterios desa Uxfor, polo tanto dificultaba moito a posta en marcha destes proxectos porque os propios que tiñan o seu monte cultivado, que tiñan a súa propiedade, deixaban de ter a súa propiedade física e pasaban a ter unha participación nesa unidade de xestión forestal. Polo tanto, é dificilmente encaixable xuridicamente e é dificilmente

*encaixable socialmente. Ten esas dúas vertentes que é dende logo complicado poñer en marcha e dende logo é difícil de explicar. Un pouco pasaba algo parecido, creou esa contestación parecida ao que creou o Bantegal cando a Xunta de Galicia imponía o famoso dereito de retracto sobre as fincas que se incorporaban dentro do banco de terras e que creou grandes reticencias no medio rural porque se entendía que a Xunta de Galicia ou a Consellería tiña o dereito de retracto no caso de que algún propietario achegase a súa finca ao Bantegal e a quixese vender, e iso establecía tamén ao noso entender un carácter excesivamente intervencionista no que é a propiedade privada. Pero ademais, nestas Uxfor ordenábase ou reordenábase a propiedade e pasábase de ter unha propiedade física a unha propiedade porcentual, por dicilo dalgunha maneira. Buscábase tamén estar ao amparo da lei de protección de incendios para buscar tamén esa reordenación e ese aproveitamento e que a masa forestal estivese en mellor situación pois para non ser pasto dos incendios e ter o monte posto en valor. Pero si había unha forte intervención na xestión, porque a parte de que os propietarios se tiñan que constituír a totalidade deles como unha unidade de xestión, tiñan que axustarse á normativa establecida para as administracións públicas cando en teoría era un ente privado, onde tiña unha parte de participación tamén a administración, e ademais sendo un ente privado suxeito a un réxime público ía estar xestionado tamén con fondos públicos actuando sobre a propiedade privada. Ese foi un dos graves problemas que xuridicamente tivo a posta en marcha das Uxfor . Nos non imos entrar en detalles múltiples que poderíamos analizar para sabe-los motivos. O que está claro é o fracaso estrepitoso da posta en marcha das Uxfor. O noso grupo por suposto coincide na filosofía axeitada de que o monte galego necesita unha reorganización, de que o monte galego necesita unha posta en valor e que temos un gran recurso natural e un gran potencial, pero creo que a figura escollida foi totalmente fracasada por eses erros que acabamos de analizar. E polo tanto o compromiso do goberno galego e así o trasladou tamén no Parlamento de Galicia hai escasas semanas é que se vai continuar coa filosofía das Uxfor, vaise intentar un modelo alternativo da xestión que non complique tanto a tramitación e a propia xestión desas unidades de xestión forestal e vai colaborar e a seguir apoiando economicamente e incentivando que ese grupo de asociación de usuarios ou propietarios se unan para poñer en valor o monte e poñer en valor os seus recursos. Nesa liña dende logo podíamos transaccionar un acordo se hai vontade para instar á Xunta de Galicia para que coa finalidade coa que se crearon as Uxfor no seu momento, pois se busquen outras formas de xestión que non estean tan cuestionadas xuridicamente e que non impidan a continuación dos trámites. E doutra forma pois nós dende logo non votaremos a favor polos motivos explicados e seguiremos traballando na liña de que se siga intentando conseguir ese fin que a parte está na mente de todos e que dende logo pois é un dos grades potenciais do século XXI galego en xeral en Galicia e en concreto na Estrada.*

**Sr. Alcalde:** *Ben, un momento. Se non entendín mal expón unha emenda ao ditame da Comisión, podía concretala exactamente nos seus termos para que puidese ser tida en conta. Ten a palabra Señor Reboredo.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Non imos insistir moito no tema, todos somos conscientes que é necesario poñer en valor o monte galego pero si coincidimos que analizada toda a documentación á que tivemos acceso, que a xestión ou a posta en funcionamento destas Uxfor non logrou os obxectivos previstos. Xa como dixo o compañeiro porque xuridicamente foi cuestionado por todos aqueles organismos ou institucións que valoraron ou analizaron eses documentos e por outro lado porque o mesmo bipartito incumpriu o seu decreto, é dicir, foi incapaz en catro anos de poñer ou de xestionar axeitadamente todas as Uxfor que se puxeron ou pretendían poñer en marcha. Por*

*tanto, nós aceptaríamos transaccionar a emenda que presenta o Partido Popular e nese sentido votaremos a favor, e se non é así votaremos en contra.*

***Dona Raquel López Doce, do BNG:*** *O que está enriba da mesa e o que estamos debatendo neste momento é unha moción concreta que se refire ás unidades de xestión forestal. Esta moción obedece a unha solicitude formulada pola plataforma constituída polas 48 Uxfor que vostede acaba de nomear, é dicir, quero ir por partes. Falan vostedes, o señor Reboredo xa é para nota, fala de que se incumpriu en catro anos o decreto, imos ver, evidentemente non había ningún marco normativo para poñer en marcha esta figura, primeiro houbo que facer a lei, a lei non se fai evidentemente nun mes, aprobouse despois de todos os trámites no ano dous mil sete e o decreto que desenvolve as Uxfor aprobouse no ano 2008 e as eleccións foron en marzo de dous mil nove. Paralelamente á tramitación do decreto, ao período de audiencia de todas as organizacións que agrupan propietarios forestais e de todos os órganos aos que hai que consultar cando se tramita unha normativa, fíxose un proceso de información social amplo para que puidese poñerse en marcha, porque o señor López critica este modelo de xestión por intervencionista, pero señor López, é un modelo voluntario, no que solicitan aos propietarios de monte agrupados nunha unidade de xestión forestal o recoñecemento da mesma e a aprobación das axudas correspondentes para implementar o plan de ordenación do monte, facer as infraestruturas e empezar a cultivar, facer as plantacións, traballos de silvicultura e demais. É dicir, que aquí a administración non obriga a nada. Falan de contestación social, non sei onde a viron vostedes, eu non vin ningunha contestación social. Falan de febleza do marco normativo; a lei está en vigor e o decreto está en vigor e ninguén a recorreu. Fala vostede do tema da propiedade, efectivamente o modelo das Uxfor é un modelo innovador no noso país, non o é en outras comunidades autónomas. Eu falando cun técnico en relación a este tema comentaba que o cultivo do viñado na súa zona de orixe que é a Mancha, pois tiñan un modelo moi semellante ao que se propón nas unidades de xestión forestal para o monte. O único que se propón é algo que como aquí vivimos ademais bastante recentemente moitos procesos de concentración parcelaria, comprende todo o mundo: todo o mundo achega unha parcela ou moitas parcelas, a esas parcelas se lles dá un valor “x” e esa é a participación que ten o propietario na unidade de xestión forestal, dá igual de si na súa parcela se plantan castiñeiros, se plantan piñeiros, se plantan eucaliptos, vai un pozo para a extinción de incendios ou vai un punto para o acopio de madeira e a carga e descarga ou se abre unha nova pista, é dicir, ese é o sistema e se unha persoa ten herdeiros e quere deixarlle repartir entre todos o que ten, non ten que fraccionar as parcelas, que ademais agora está prohibida en moitos casos a segregación, senón que lles deixa o 20% a un o 20% a outro e así como queira fraccionar a propiedade e ademais lles deixa algo producindo, e deixa un monte cultivado. Entón se vostedes non van apoiar este modelo, eu creo que da súa intervención se deduce que non van continuar co trámite das unidades de xestión forestal. O que está claro é que teñen que darlle unha saída a todos eses propietarios, no caso da Estrada aos que constituíron a Uxfor A Coviña e fixeron un investimento para ordenar ese monte, para facer plantacións e que tiñan unha serie de compromisos adquiridos coa anterior administración, entón o que teñen é que darlles solución aos expedientes que están en marcha porque vostedes de momento non derogaron o marco normativo, entón terán que cumprir a lei e tramitar os expedientes, iso é do que se trata e por tanto, pódese facer outra proposta de resolución se vostedes queren pero dende logo nós o que pedimos é que se vote evidentemente o texto da moción, que pide concretamente o apoio ás unidades de xestión forestal, a continuación da tramitación dos expedientes e dende logo xa lles trasladaremos ás Uxfor que están constituídas ou en proceso de constitución do noso*

*Concello e á plataforma que as agrupa a todas, a argumentación do Partido Popular porque eu creo que tamén se o de Reboredo é para nota, o seu tamén.*

**Sr. López Campos do PP:** *Gústame moito cando ameaza señora López Doce. E a parte quedalle moi ben, dálle moito perfil como cando vostede era...*

**Sr. Alcalde:** *Señor López imos co fondo da cuestión porque vostedes cambian rapidamente, hai un momento eran íntimos e agora xa están enfrontados. Imos levar o tema con relaxación centrándonos nas cuestións.*

**Sr. López Campos do PP:** *Nin lle quito flores nin llas poño señor Alcalde; en todo caso terá vostede que é con quen comparte cama nas súas horas de goberno, polo tanto non son eu quen lle vai a roubar a voz.*

**Sr. Alcalde:** *Cama non, cama non compartimos.*

**Sr. López Campos do PP:** *Pois sillón imos tocar catro ou cinco aspectos que eu creo que non estivo suficientemente precisa....*

**Sr. Xoán Carlos Castro Blanco, do BNG:** *Señor Alcalde, pido a palabra por favor, desculpe un momento. Ben aquí houbo unha serie de comentarios que non estiveron nada ben, foron moi machistas falando de cama, falando de relacións. Por favor centrémonos no debate, pídolles clama a todo o mundo e centrarse no que estamos falando .*

**Sr. Alcalde:** *É dicir, centrémonos no debate e deixémonos de facer apreciacións que non van a mellorar o clima.*

**Sr. López Campos do PP:** *Estou neso, tomo a palabra, moitas grazas. Seguindo coa filosofía do BNG que quere transaccionar pero ao final nunca cede. Vímolo e ímolo ver despois noutras iniciativas que levamos neste Pleno. Claro, só existe transacción cando os demais aceptamos o que quere o BNG; cando os demais temos certas diferenzas, matices en ocasións, o BNG sáese automaticamente pola tanxente e non acepta transacción, polo tanto é imposible negociar con alguén que non quere, é imposible negociar con esa actitude e vostedes sempre nesa mesma actitude: ou se fai o que vostedes din ou dende logo se apartan dos demais; entón non hai transacción nin negociación posible; se temos que transaccionar o que din vostedes non hai transacción, votaremos o que vostedes din. Que vostedes digan que o das Uxfor é un proceso voluntario..., home, cada un viste o santo como lle interesa. É tan voluntario como parte ou moita parte das políticas sectarias que utiliza o bipartito, é dicir, se entras polo aro tes subvención, se non entras polo aro xestionas ti o monte. Tan voluntario como iso, esa é a voluntariedade das xestións e das decisións que toman vostedes cando son goberno. Entras polo aro, tes dereito a recibir diñeiro, non entras, quedas fóra e búscate a vida, esa é a voluntariedade das Uxfor e a súa xestión, polo tanto que as Uxfor sexan voluntarias ou non... que ti queres xestionar o monte, queres ter un aproveitamento dos recursos naturais conforme a unha Uxfor: recibirás diñeiro da administración e terás un control por parte da administración, un control ademais con persoas dentro da Uxfor que van controlar a xestión dese ente. Se non queres, queda fóra e búscate a vida e xestiona o monte como estás facendo ata agora. Esa é a voluntariedade das accións e decisións que toma o BNG, e esa é a realidade.*

*Claro, fálame vostede do modelo Castilla-La Mancha implantado a Galicia. Que veña vostede a defender modelos foráneos de Castilla-La Mancha, unha rexión que se caracteriza tamén como Galicia polo seu minifundismo e pola súa estrutura*

*territorial..., exactamente o mesmo modelo. Entendo perfectamente por que fracasou a Uxfor: o modelo Castilla-La Mancha para implantalo en Galicia... entendo perfectamente cal foi o fracaso estrepitoso deste modelo de xestión, está claro e así o corroborou vostede.*

*Non di toda a verdade cando di que a xente e os veciños saben o que supón unha Uxfor porque viviron un proceso de concentración parcelaria. Vostede estame comparando, como diría o señor Espiño churras con merinas, señora López Doce, ¿e que ten que ver unha Uxfor cun proceso de concentración parcelaria? explíquemo vostede ou explíquello aos veciños a ver se o entenden. Nun proceso de concentración parcelaria, vostede pon unhas propiedades, reordénanse esas propiedades e danche unhas titularidades, unhas fincas propiedade túa no entorno da túa vivenda; facemos unha reorganización da estrutura territorial. Nas Uxfor ti perdes a propiedade, ti pasas a ter unha porcentaxe dun global dunha Uxfor, pasas a ter un tanto por cento, non tes propiedade física, desaparece, desaparecen os lindeiros, desaparecen as fincas e pasan a ser unha unidade na que ti tes unha porcentaxe. Polo tanto, hai unha diferenza clara entre un proceso de concentración parcelaria en que ti cambias moitas fincas para poder ter unha finca mellor e poder tela e ter a maior rendibilidade e o maior aproveitamento, a ter que meterte nunha sociedade na que vas a ter unha porcentaxe de todo pero practicamente non tes finca de nada, tes unha porcentaxe da totalidade e perdes o control sobre a toma de decisións da túa propia propiedade, da túa propia finca e pasa a estar dirixida pola administración. O tema cambia considerablemente e creo que querer enganar con assimilar un proceso de Uxfor cun proceso de concentración parcelaria é demasiado atrevido cando menos.*

*Eu creo que, a part,e quedou claro na miña intervención e o volvo a reafirmar: a filosofía actual que hai en torno ao aproveitamento do monte segue en vigor, seguen coincidindo os aspectos fundacionais ou creacionais dese Decreto Uxfor, seguimos coincidindo na filosofía básica, e ademais no propio texto ao que eu vou dar lectura, hai un aspecto que deixa meridianamente claro o compromiso e a solución que se vai buscar para todos os expedientes que estean en tramitación. O texto que nós plantexamos é apoiar os obxectivos buscados coas Uxfor instando á Xunta de Galicia a analizar a súa operatividade administrativa, xurídica e técnica, co fin de detectar as eivas deste modelo de ordenación do monte e adecualo en caso de que sexa necesario á normativa de aplicación, de xeito que poida ser corrixida permitindo dotar de eficacia esta figura de acordo cos obxectivos establecidos na Lei 3 /2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. E un segundo punto onde se insta á Xunta de Galicia a crear no primeiro cuatrimestre do ano 2010 unha figura agrupativa de propietarios forestais co fin de constituír explotacións ou sociedades forestais economicamente viables e sostibles ambiental e socialmente de acordo á disposición adicional 5º da Lei 43/2003 de Montes, sobre sociedades de propietarios forestais. Ese é o acordo que nós propoñemos e, a parte, é un acordo unánime do Partido Popular e a parte foi un acordo no que se instou dende o Parlamento á Xunta de Galicia a que se acometesen estes puntos e ao que nós nos sumamos entendendo que se dará cumprida resposta tanto á filosofía inicial como á necesidade dunha resposta por parte da administración. Por tanto, este é o texto alternativo e se non damos transaccionado co BNG e o PSdeG –PSOE, pois votaremos en contra.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Ben, señora Raquel, nós para nota pero vostede non pasa a nota de corte. Mire, cando vostede fala da xestión dos expedientes, a gran maioría dos expedientes están todos incompletos e están todos incompletos porque é moi difícil completalos de acordo aos informes xurídicos que figuran ou figuraron cando foi a súa tramitación. Pero mire, na maioría deles non se acreditan os requisitos relativos á constitución da comisión de propietarios, tampouco se acredita o*

*proxecto de xestión forestal específico (o ISFE), bótase en falta o correspondente Plan técnico de xestión e o seu plan contra incendios forestais; tampouco figuran os estatutos polos que deben rexerse estas asociacións, nin existen os informes como marca o propio decreto. Polo tanto, ¿que queremos?, ¿que se dea trámite a eses expedientes e que se deneguen todos? ¿Ou que se reformule a súa Uxfor para buscarlle un encaixe legal, e polo tanto continuar con ese proceso, un proceso similar ao actual, e polo tanto poñer en valor os nosos montes? Pois nós apostamos por esa segunda vía. Nada máis.*

***Dona Raquel López Doce, do BNG:*** *Ben Sr. José, ou señores Josés, eu non sei se é que non me expreso con suficiente claridade. Esta moción presentouse a instancias das Uxfor e da plataforma constituída. Estas unidades de xestión, en proceso de constitución, non teñen coñecemento de que teñan que presentar ningunha nova documentación, á parte da xa achegada, é dicir, non se lles fixo ningún requirimento de documentación, polo tanto ese argumento que achegan vostedes, non o comparto. Dende logo, non é unha ameaza, simplemente lle teremos que trasladar os seus argumentos porque nós, a información que temos, non é a que manifesta vostede; entón sería conveniente que lle trasladen a vostede o estado dos seus expedientes e o que lles dixeron na actual Consellería de Medio Rural os seus responsables cando se reuniron con eles, entón non se trata de ningunha ameaza. En segundo lugar, a comparación que fixen, Sr. López Campos, en relación á parcelaria, refírese ao sistema de valoración das parcelas que achegan os propietarios, e creo que tamén está vostede confundido en relación ao mantemento da... se non lle intresa a explicación tampouco eu me vou estender... En todo caso, a titularidade dos predios que se achegan á Uxfor non desaparece, esa afirmación que fixo vostede é abasolutamente falsa, non desaparece a propiedade e os terreos que cada un achega están perfectamente identificados, e se se desfai a Uxfor cada quen ten o seu, e mentres tanto ten beneficios, cousa que co sistema ao que van volver vostedes da desregulación, iso non sucederá. E ademais, eu a demagogia que emprega vostede, cando trata de utilizar argumentos..., porque hoxe vímolos novamente, recorre á linguaxe nada apropiada para este lugar, porque esta non é unha taberna, este é o Pleno, que é o máximo órgano que rexe este Concello; será por iso que non o deixan intervir no Parlamento, supoño. E, en todo caso, teño que manifestarlle que durante todo o período que se xestionou a Consellería de Medio Rural, convocou axudas para todos aqueles propietarios que a título particular quixesen facer plantacións, reforestacións e traballos de silvicultura, iso non se suprimiu, polo tanto sigo mantendo que as Uxfor son voluntarias, e non terxiverse vostede.*

Sometida a votación a emenda presentada polo PP, resultan nove votos a favor (PP e non adscritos) e once en contra (PSdeG e BNG), polo que é rechazada.

Sometido a votación o ditame da Comisión de Informativa de Organización, resultan once votos a favor (PSdeG e BNG) e nove en contra (PP e non adscritos), polo que por maioría se adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Reclamar á Xunta de Galiza:

- A continuidade do modelo de xestión conxunta dos montes xa que é a única forma viable de poñer en valor as pequenas parcelas forestais espalladas por todo o país.

- A axilización dos trámites administrativos para a constitución daquelas Uxfor que tiveran iniciado o proceso.

- O cumprimento dos compromisos adquiridos pola Administración cos promotores da Uxfor no tocante a constitución, execución de obra forestal, acondicionamento de terreos e traballos de silvicultura.

2º.- Dar traslado deste Acordo á Consellería de Medio Rural e á Consellería de Presidencia.

**5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO A ACTUACIÓN A INSTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA A SUPERACIÓN DA DISCRIMINACIÓN DAS MULLERES**

O Secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame aprobado pola Comisión Informativa de Benestar Social, adoptado en sesión do 26-02-10, cos votos a favor dos representantes do PSdeG – PSOE e do BNG e cos votos en contra dos representantes do PP e dos concelleiros non adscritos.

*Sra. Goldar Soto, do PP: Por parte do Grupo Municipal do PP, vaise expor brevemente o sentido do voto.*

*Sr. Alcalde: Agradézolle o da brevidade.*

*Sra. Goldar Soto, do PP: Queremos deixar de antemán claro que non estamos en contra do Día Internacional das Mulleres nin de que se fíxese ningún tipo de manifesto nin conmemoración deste día, e igualmente que se adoptasen as medidas oportunas e concretas para facer unha superación da discriminación salarial respecto ás mulleres. Non podemos votar a favor do texto que se propón e queremos explicar por que. Entendemos que este texto que se propón é, con tódolos respectos, un panfleto político, onde se aproveita a celebración do Día Internacional das Mulleres, que debería ser algo serio e respectado, para facer unha serie de manifestacións políticas que entendemos non teñen cabida no fondo do asunto de debate. No fondo sempre se apostou porque os grupos da Corporación se adherisen á manifestación institucional, elaborada no Consello Local da Muller, no que están representados todos os grupos. Resulta certamente tamén curioso que agora nos afastemos desa postura unánime. En calquera caso, na moción e polo que non podemos votar a favor, fanse unha serie de afirmacións que non son certas, que tampouco vou entrar en maior debate, porque eu direi unha cousa, a representante e señora concelleira do BNG dirá outra ou o Partido Socialista dirá outra, pero en todo caso vou deixar unha serie de datos claros, para explicarlles aos veciños e veciñas por que o noso voto vai ser en contra.*

*Elaboración, dise, que se insta dun Plan de Emprego para as mulleres: Mal empezamos. Primeiro, os plans de emprego débense destinar a poboación en xeral, non á discriminación positiva; podemos alcanzar efectos tales como o do cheque-bebé, por favorecer a un grupo, iniciamos actuacións discriminatorias cara o outro, esixiuse que a nai tivese un tempo de permanencia de 2 anos en territorio español, pero no caso de parellas homosexuais, como non había identificado unha nai ou un pai, con que calquera deles teña a nacionalidade española xa vale... Isto xa é un exemplo para dicir que se o Plan de Emprego ten que ir dirixido ás mulleres, creo que non é un punto de partida válido. En todo caso, cremos que o punto de partida válido é a actuación que fai a Xunta de Galicia, que destina 41,9 millóns de euros para un programa de fomento do emprego, para aqueles galegos e galegas que estean desempregados, e que a estimación é que se crearán uns 4.000 postos para galegos e galegas que estean desempregados e con iso conséguense varias finalidades: por un lado, darlles estas subvencións e financiamento ás entidades locais que agora están nunha situación un pouco asfixiante, igual que o Estado tamén recorta o plan de ingresos; e á parte, tamén facilitar a política de reinserción de todos estes desempregados, propiciando, ó mesmo tempo, unha discriminación positiva ás mulleres ou ás vítimas da violencia de xénero, por exemplo. Isto saúu no*

*DOGA do 10/03/10. Por outra banda, hai que propor medidas concretas, soamente recordando que o Grupo Parlamentario Popular, polo tocante á discriminación salarial feminina, presentou o 06/05/09 unha serie de medidas, que aínda estamos pendentes que se tomen por parte do Goberno de España, e nas que non imos entrar en maior análise. Pero, sen embargo, por parte deste Grupo Municipal, poderíase consensuar, neste marco e con respecto a este punto do Plan de Emprego, unha serie de medidas para o fomento do emprego da muller, facendo unha achega en todo caso positiva e construtiva, e que pasamos a describir, que se debe entender como unha emenda a ese punto concreto do Plan de Emprego, por exemplo:*

*Primeira medida: Fomento do emprego autónomo para xoves menores de 30 anos e mulleres menores de 35 anos. Facemos esta distinción de franxa dado os últimos datos do MPI de xaneiro de 2009, onde se establece a estatística por idades de onde se pode observar unha maior franxa de paro feminino e por idades, e nesta medida propoñemos dúas actuacións concretas: Que para constituírse como autónomos poderen percibir a prestación de desemprego baixo a modalidade de pagamento único mediante a capitalización do 100% neto da devandita prestación, sempre e cando o importe se destine para o inicio e desenvolvemento da actividade na forma que se determine regulamentariamente, mantendo para os que non queiran esta opción a capitalización na forma e contía actualmente en vigor. Tamén nos supostos de embarazo, con respecto ás cotas devengadas durante o período de permanencia no posto de traballo ou función, unha redución do 50% da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns; isto con cargo ao Presuposto da Seguridade Social. Esta redución da cota poderíase elevar ao 80% cando a traballadora sexa destinada a un posto distinto, en aplicación do artigo 26 da Lei 31/95 de prevención riscos laborais, tamén extensiva ós supostos de enfermidade profesional.*

*Outra medida son as axudas e subvencións para a promoción do emprego autónomo dirixido en especial ao autoemprego das mulleres, por exemplo:*

*Plan de formación e reinserción de mulleres maiores de 45 anos con fillos que desexen retornar á actividade profesional.*

*Plan de Atención e formación personalizada das mulleres para o acceso ao emprego de mulleres*

*E Medidas para a conciliación do traballo e a familia:*

*Garantir por lei, no marco do Estatuto dos Traballadores, o dereito dos pais e nais traballadores ou de aquelas que cursen estudos, a ter garantida unha praza en escolas infantís ou garderías para os seus fillos menores de tres anos. Pretendemos que os pais estean traballando e que os fillos estean atendidos, sexa público ou privado (eu particularmente non teño ningún problema en que sexa público ou privado).*

*Promover acordos cos axentes sociais sobre a organización e flexibilidade dos tempos de traballo impulsando o tempo parcial en caso de redución de xornada.*

*Medidas laborais e da Seguridade Social que garantan unha maior empregabilidade laboral da muller.*

*E tres cuestións moi concretas: Bonificación do 50% na cota empresarial da SS por continxencias comúns para fomentar a contratación indefinida de mulleres con fillos menores de 6 anos.*

*Pódese establecer tamén un Plan Nacional de Garderías, e favorecer o modelo de teletraballo mediante a aplicación do dereito de dedución do 10% do importe das inversións ou gastos que realicen as empresas para fomentar o traballo das nais con fillos menores de 3 anos nos seus respectivos domicilios na cota íntegra do imposto de sociedades.*



*Isto con respecto ao Plan de Emprego, con respecto a outra petición que se fai que non é unha petición que se fai, senón que máis ben é unha afirmación, que se di: “Paralización do proceso de desmantelamento dos servizos sociais públicos”. E que non é certo, mire con respecto ás oficinas de Igualdade e benestar:*

*Sendo xa polémicas desde a súa creación, foron moitas as críticas que recibiron por parte de Alcaldes e Alcaldesas de toda Galicia, especialmente críticos foron os Alcaldes socialistas, que entendían que había unha duplicidade dos servizos dos concellos e que entendían que se invadían as súas competencias e duplican os servizos dos concellos, sen entrar en maior visceración política, que non quero, pero é un feito que o BNG deixou sen cobertura orzamentaria O Plan Integral de Apoio ás Familias e o Plan de Igualdade de Oportunidades.*

*¿Que fará o novo goberno da Xunta? Pois non é que desaparezan as oficinas, senón reformulalas, buscando o consenso coa FEGAMP e dende as dezaoto oficinas de I+B, desenvólvense e seguiranse a desenvolver os seguintes plans:*

- 1. II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL (PGIS)*
- 2. PLAN INTEGRAL DE APOIO ÁS FAMILIAS (PIAF)*
- 3. PLAN ESTRATÉXICO GALEGO DA INFANCIA E ADOLESCENCIA (PEGIA)*
- 4. PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES (PIO)*

*Co cal está garantido o mantemento das actuacións enmarcadas nestes 4 plans, e seguirán a desenvolverse todas aquelas medidas enmarcadas no eido da familia, da infancia e da adolescencia, co cal non podemos votar unha proposta do que xa se está facendo, e se vai continuar facendo, sería totalmente ilóxico. Non se van privatizar os centros de día, ou polo menos a noticia que nós temos e as políticas que ata o de agora se están seguindo, é que non se van privatizar os centros de día; de feito, eu creo que o que aquí se critica é a xestión indirecta, pero ante esa xestión indirecta temos que dicir: ¿Cómo é que algúns servizos sociais postos en marcha polo Bipartito están xestionados de forma indirecta? ¿Por que dous servizos esenciais (alimentación e transporte) están xestionados por entidades alleas ao Consorcio? Tamén temos que reseñar que segundo o análise do Consello de Contas da xestión do bipartito no 2006, que é a última que se pode analizar, a porcentaxe de gasto sanitario concertado ascendeu do 5,2% ao 6%. De feito tiñase previsto que a construción de centros sanitarios en Coruña e Pontevedra se faría coa colaboración financeira de empresas privadas. Outro suposto similar foi o do AVE do Sr. Pepe Blanco, e así participamos todos.*

*O concurso público e transparente a través da modalidade de concesión administrativa vai supor a posta en funcionamento de 14 centros de día e 617 novas prazas, co cal entendemos que non hai ningún tipo de desmantelamento dos servizos públicos. O que si hai é un desmantelamento das redes clientelares, que é totalmente distinto. Teño previsións do investimento do Consorcio Galego de Benestar para o 2010: 116 infraestruturas sociais repartidas en 70 concellos de Galicia. Irregularidades que tiñan, e enlace co de antes do Consorcio: O Consorcio ten un millón de euros en facturas sen aclarar e medio millón sen que haxa recibos. Hai un millón de euros en publicidade sen xustificar. Tamén temos que dicir, cando se facía referencia a isto do desmantelamento, que non había garderías, que máis garderías, que o servizo de canguraxe..., que tamén é curioso como na emisión da TVG do día 24.02.2010, saíu un informe da OCU (Asociación de Consumidores e Usuarios, que ao final son os destinatarios de todos estes servizos), no que se poñía de manifesto que Galicia era a segunda Comunidade de España que máis garderías públicas tiña, e de mellor calidade, cunha porcentaxe do 54% por riba da media estatal, que se sitúa nun 24%. Nada máis que dicir. Despois, con respecto á readmisión das traballadoras do Consorcio, ¿e os homes? En todo caso, sen ánimo de entrar en*

maior polémica, entendemos que é unha cuestión xurídica a tratar e solventar nos tribunais, e tense que ir alí se os traballadores entenden que a súa contratación temporal foi en fraude de lei e que o despedimento non resposta á finalización dunha actividade, xa que todos estes traballadores, 104 nas oficinas I+B e 11 nos servizos centrais do Consorcio, foron contratados polo Goberno anterior, como persoal laboral temporal, para o desenvolvemento destes plans durante a súa vixencia. Se estes contratos teñen unha data de caducidade, entendemos que non podemos ser nós, senón os tribunais, os que determinen se esta contratación do 80%, que foi temporal, e que se pode entender que un de cada catro contratos foron en fraude de lei, e que hai 7.000 euros de sanción da inspección de traballo, se isto é xuridicamente viable, e se hai ou non que readmitilas, é unha cuestión enteiramente xurídica coa que entendemos non se debe debater aquí, nin se pode instar a ningunha administración a que dea cobertura xurídica a ningunha situación que ao mellor ten unhas irregularidades xurídicas que ao mellor non é quen de solventar.

Con respecto ao desenvolvemento das actuacións previstas na Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero: imos ver, esta lei entrou en vigor en agosto de 2007, pasaron 21 meses dende que foi aprobada a lei, e non se puxeron en marcha ningunha das medidas que a Lei contiña, como eran o Consello Galego das Mulleres, o Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a Comisión Interdepartamental de Igualdade.

Sen entrar en máis, a orde de protección que é o instrumento xurídico recoñecido tanto polas vítimas como polos xuristas, como polos propios xuíces, que é o instrumento xurídico máis importante e que está acadando maiores éxitos no que respecta ao alonxamento e evitar a violencia, foi aprobada nun período de goberno do Partido Popular; hai que dicilo, porque igual que dirán outras cuestións, tamén hai que dicir as que se aprobaron polo goberno do PP. No Consello da Xunta do 25 de febreiro, aprobou o decreto de aceptación da cesión dun edificio para a creación do Centro de Recuperación Integral de Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero en Santiago de Compostela. Co cal, que se inste a levar a cabo máis actuacións, que sería totalmente desexable, pero entendemos que é perverso o mesmo que noutras ocasións utilizaron vostedes: nun tempo dilatado non facer, e despois en catro ou cinco meses dicir "imos facer todo". E este centro que se aprobou o 25 de febreiro, virá a completar un sistema legal de e asistencia fronte a violencia de xénero, que xa conta con outros instrumentos como a Rede Galega de Acollemento, o Servizo de atención 24 horas, o Punto de Coordinación das Ordes de Protección, Puntos de Encontro Familiar e a Rede de Centros de Información ás Mulleres espallados por toda Galicia e que, por contra do que se di na moción, non se suprimiron.

Por iso temos que votar en contra destas propostas que se fan, que entendemos, nin responden á realidade, nin son aceptables, e por iso o Grupo Popular, que vai no punto 6º da Orde do Día, presentou un manifesto consensuado e acorde para a conmemoración deste día. Moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Ben, voulle retirar inmediatamente o agradecemento pola brevidade. Non me quero nin imaxinar como sería a versión extensa do tema. Entendo que a proposta que fai sería para substituír a proposta da comisión. Imos ver, a proposta que fai é substituíndo o ditame da comisión.

**Sra. Goldar Soto, do PP:** A proposta que facemos é que estas medidas tal e como están redactadas, destes catro puntos, imos votar en contra, pois non estamos de acordo, o que se solicita é isto que o que se aprobe é ese manifesto unánime que

*fixemos todos os grupos políticos conmemorando o Día Internacional da Muller, e entón se recollan as medidas concretas que propuxemos.*

**Sr. Alcalde:** *Si, pero esas propostas están noutro punto por unanimidade, que xa trataremos, pero neste punto. ¿Hai algunha emenda ao acordo que tomamos e que está no ditame da comisión? ¿Esa é a proposta alternativa ao acordo?.*

**Sra. Goldar Soto, do PP:** *Esa é a proposta.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Perdoe Sr. Alcalde pero o noso grupo aínda non interveu.*

**Sr. Alcalde:** *Ten a palabra Sr. Reboredo.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Moitas grazas. Ben, imos ver. En relación a este tema, eu creo que hoxe se miramos a Orde do Día vemos tres aspectos relativos ao mesmo, que é a moción que estamos a debater, a Declaración de Cádiz e o manifesto que acordamos na comisión non era oportuna, porque dalgún xeito ía desvirtuar o Día Internacional da Muller, xa que lendo a exposición de motivos, víase claramente que este era un manifesto político aproveitando o día conmemorativo, para arrearlle leña ao Goberno Autonómico, que eu non discuto que a mereza ou a deixe de merecer, pero que entendemos que non debería vir a este Pleno anterior ao día oito, e sería máis oportuno separalo do Día Internacional da Muller. Mire, eu vou ser moi breve, a nosa postura sobre este tema, sobre o Día Internacional da Muller, manifestámola claramente no apoio claro e decidido á Declaración de Cádiz e no manifesto que logo se vai ler aquí neste Pleno. E apoiámolo decididamente porque apoiamos que os aspectos que se tratan nese manifesto e nesa Declaración de Cádiz están recollidos claramente e é o que nos debe preocupar para manifestar o apoio á muller traballadora; porque falamos dese manifesto claro, ou non explícito pero si implícito, de formación e emprego para conseguir que as mulleres e os homes participen en igualdade no mercado laboral. Falamos da conciliación laboral, persoal e familiar, falamos da corresponsabilidade e da participación conxunta nas tarefas domésticas, falamos da participación das mulleres na vida política, social e cultural en igualdade de condicións, e por méritos, e falamos en definitiva, da loita contra a violencia de xénero e contra as mulleres con fins de explotación sexual. Iso é o que nos debe preocupar no Día Internacional da Muller Traballadora, polo tanto eu pediría que non se seguise debatendo esta moción, e que a leven vostedes fóra deste ámbito, deste mes no que podemos buscar confrontacións, cando entendemos dende o noso grupo, que debemos sumar todos, de aí o noso apoio decidido a esas dúas mocións e o noso rechazo claro e rotundo a este panfleto claro político que foi presentado con motivo deste tema.*

**Dona Raquel López Doce, do BNG:** *Vou tratar de ser cauta, porque o oito de marzo non é a festa do patrón, sen sentido pexorativo ningún por suposto; é dicir o oito de marzo, conmemórase o Día Internacional da Muller Traballadora. Cúmprense ademais cen anos da primeira vez; é dicir, supoño que saben todos vostedes que unhas mulleres que reivindicaban os seus dereitos laborais, o empresario lles prendeu lume á fábrica téxtil, e por iso se conmemora o oito de marzo. Despois destes cen anos nos que as mulleres levan defendendo os seus dereitos laborais para estar en igualdade de condicións que os homes, atopamos (e iso é política pero non é partidista), atopamos que a situación das mulleres dista moito de ser equitativa á dos homes. O nivel de desemprego é moito maior, o nivel de temporalidade é moito maior, os salarios a igual posto, son máis baixos, e o traballo (e tamén é política), cando as mulleres son as que asumen maioritariamente o coidado dos nenos e dos maiores así como das persoas con discapacidade, se non hai servizos públicos que*

permitan conciliar o coidado de todas estas persoas co desenvolvemento dunha actividade laboral, pois non poden ter actividade laboral; xa non digamos ter dereito ao ocio, a ir ao cine ou a facer o que lles pareza co seu tempo libre, que tamén é un dereito. Entón, que vostedes veñan aquí dicindo que o que temos que facer é un brinde ao sol..., porque o manifesto son moi boas palabras, pero iso hai que concretalo na práctica e por iso se presenta esta moción, que por suposto non estamos dispostos a retirar. É un feito que a voceira do PP, na súa longuíssima exposición (na que falou do cheque bebé, o gasto sanitario e o AVE, estabamos falando do oito de marzo e avisara que non se ía estender que ía ser breve e deulle para falar de todas esas cuestións), dixo que estaba en contra de todas as medidas de discriminación positiva, así que ¿que imos falar?, non temos nada que falar. Se non se asume que ante unha situación de desigualdade hai que adoptar medidas que a corrixan, é evidente que non é posible ningún tipo de acordo co PP. E a situación da muller, en relación co mercado laboral é de desigualdade, entón é necesario un plan de emprego que teña unha perspectiva de xénero. Tamén, Dona Cristina, está aí o 10 de marzo, que é o Día da Clase Obreira Galega, eu convídoa a presentar unha moción fóra da orde do día presentando esa proposta para instar ao Goberno da Xunta de Galiza a facer un plan de emprego no noso país, que se necesitan medidas activas, quen ten competencias nesa materia é o Goberno Galego, e ten que facerlle algo máis que poñerlle un lazo moi vistoso e vender un plan que non é nada novo, é o que hai todos os anos dende hai moitos anos, pónenlle un lazo e son corenta e un millóns para un novo plan; iso é a anualidade do exercicio 2010 do Plan de Emprego da Xunta de toda a vida, por moito lazo que lle traten de poñer. Entón, eu convídoa a presentar unha moción específica en torno ao dez de marzo, pero agora estamos falando do oito de marzo e estamos falando da situación das mulleres e do que se trata é que o goberno do PP, dende que volveu ao goberno da Xunta, volve a practicar políticas regresivas en relación aos dereitos das mulleres, e en xeral tamén a facer unha deixadez de funcións en relación á promoción da incorporación laboral das mulleres; pero xa sabemos que están en contra das medidas de discriminación positiva, que xa vostede o deixou claro na súa intervención. Demandamos que se deixe sen efecto o desmantelamento dos servizos sociais públicos, porque o que estaba en marcha era por primeira vez na historia deste país, unha rede pública de servizos sociais, pois se queremos conciliar a vida laboral e familiar, haberá que ter servizos que permitan facer efectiva esa conciliación. Tamén demandamos a readmisión das traballadoras porque son mulleres, entón non son -as/os ou -es, por ser mulleres, e entón son traballadoras, non hai que terlle medo a que un colectivo, aínda que sexan todas mulleres non imos poñer traballadoras porque discrimina: se son mulleres, son mulleres, entón hai que poñer o feminino no substantivo. E ademais instámoslos a que desenvolvan as actuacións previstas na lei, é dicir, se vostedes teñen intencións de cumprilas, non deben ter problema ningún en apoiar esta moción que é política, non llo ocultamos a ninguén (eu estou aquí por motivos políticos, eu non veño aquí a outra cousa), o que non é partidaria.

**Sra. Goldar Soto, do PP:** Teño que pedir desculpas, pois dixen antes que ía ser breve e estendíme de máis, emocionéime, perdón. Ben, unha contestación rápida, intentando ser fiel ao que dixen antes: é penoso ver que non se sabe nin o que implica o termo discriminación positiva. E que teimemos outra vez co mesmo, imos utilizar isto como panfleto político, pero é verdadeiramente penoso non saber o que implica unha implicación positiva, nada máis, cito novamente verbas constantes da Sra. López Doce, partidario e demagóxico, vostedes sempre o farán mal, e nós sempre o faremos ben. Nada máis.

*Sr. Secretario: Se mo permite o Sr. Alcalde. Entendín en principio que o Sr. Reboredo Baños propón que o expediente quede enriba da mesa aprazándose a discusión para outra sesión; entón o que procede é primeiramente votar sobre esa instancia do Sr. Reboredo Baños.*

Procédese en primeiro lugar, e a instancia do Sr. Reboredo, á votación prevista no art. 92 do RD 2568/1986 a efectos de que o expediente quede sobre a mesa e se aprace a súa discusión para outra sesión. O aprazamento é rexeitado, ao obterse un resultado de nove votos a favor (PP e non adscritos) e once en contra (PSdeG – PSOE e BNG).

A continuación, sometida a votación a emenda exposta polo PP, resultan nove votos a favor (PP e non adscritos) e once en contra (PSdeG – PSOE e BNG), polo que a emenda é rexeitada.

Finalmente, sométese a votación o ditame da Comisión de Benestar Social, obtéñense once votos a favor (PSdeG – PSOE e BNG) e nove en contra (PP e non adscritos), polo que por maioría se adopta o seguinte ACORDO:

Reclamar á Xunta de Galicia a proposta en marcha das seguintes actuacións:

1º.- Elaboración dun Plan de Emprego para as Mulleres, que incida na incorporación das mulleres ao emprego remunerado, que recolla medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo igual salario, que incorpore liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos (labregas, mariscadoras, redeiras...) nos que hai un importante presenza feminina.

2º.- Paralización do proceso de desmantelamento dos servizos sociais públicos, demandando a provisión con carácter público de novas prazas de escolas infantís, centros de día, prazas en residencia e a posta en marcha dun servizo público de Canguraxe.

3º.- Readmisión das traballadoras despedidas do Consorcio e aposta por estender as equipas de igualdade nas oficinas I+B.

4º.- Desenvolvemento das actuacións previstas na Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero.

**6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, SOBRE ADHESIÓN Á “DECLARACIÓN DE CÁDIZ, CARA A UNHA SOCIEDADE MÁIS EFICAZ E SOSTIBLE”.** Non producíndose intervencións, apróbase por unanimidade o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, adoptándose o seguinte ACORDO:

A adhesión do Concello da Estrada á “Declaración de Cádiz, cara a unha sociedade máis eficaz e sostible, subscrita por ministras e líderes políticas dos Estados membros da UE.

Darase traslado deste Acordo ao Parlamento de Galicia, ao Ministerio de Igualdade e ao Parlamento Europeo.

**7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, SOBRE APROBACIÓN DE MANIFESTO DO CONCELLO DA ESTRADA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DA MULLER TRABALLADORA.** Non producíndose intervencións, resulta aprobado por unanimidade de todos os Concelleiros a aprobación dun

Manifiesto municipal con motivo da celebración do Día da Muller Traballadora. O texto do Manifiesto, ao que dá lectura o Sr. Alcalde, é o seguinte:

*“Un ano máis, en todo o mundo, o 8 de marzo únense voces e vontades para conmemorar o Día Internacional das Mulleres. É un día no que se bota a vista atrás para lembrar dificultades pasadas e logros acadados, pero tamén é un día de ilusión, de proxección, de deseño de novos retos e de exploración das oportunidades que esperen ás actuais e futuras xeracións de mulleres.*

*Os avances na situación das mulleres non teñen sido fáciles, como tampouco o é o camiño que queda por andar. Todo proceso de cambio é lento e complexo. No caso das mulleres, dende os momentos históricos nos que non podían acceder á educación regrada, ao voto, ao mercado de traballo, ata a actualidade, cando conseguen as mellores cualificacións no eido universitario, cando exercen moitas profesións tradicionalmente masculinizadas, e participan en calquera eido da vida cultura, política, social ou económica, é evidente a profundidade da transformación acaecida.*

*Non podemos, sen embargo, caer no erro de pensar que todo está feito e que xa non é preciso continuar avanzando. As cifras relativas á participación no mercado laboral indican con toda claridade que as mulleres non se atopan en igualdade de condicións con respecto aos varóns, xa que son habitualmente elas sobre as que incide de maior maneira ao desemprego, ou á temporalidade.*

*Dende o Concello da Estrada cremos que é necesario seguir na laboura de sensibilización, de difusión e de comunicación da situación de desigualdade que moitas mulleres seguen a sufrir, insistir na necesidade de traballar no grave problema de desemprego ou da precariedade laboral, que afecta de maneira tan importante ás mulleres de todas as idades, así como na eliminación da lacra da violencia de xénero. A falta de visibilización do traballo desenvolvido polas mulleres, as diferenzas nas percepcións salariais, o desigual reparto das tarefas domésticas e das responsabilidades familiares, ou as diferenzas existentes na esfera da toma de decisións son só algúns dos retos pendentes. Non se trata só de avanzar cuantitativamente en materia laboral senón que ese avance veña acompañado de melloras cualitativas.*

*Á complexidade da tarefa pendente non nos debe desalentar nin constituír un obstáculo para esta aspiración, ao contrario, debe ser un motor que nos impulse no avance, sobre a base de que cada ameaza pode e debe converterse nunha oportunidade.*

*Os avances en materia lexislativa son innegables, pero está pendente que as mulleres, e a sociedade na súa globalizade, coñezan os dereitos recollidos nesas leis, pois na base da súa utilización está ese coñecemento. Todos os modos de discriminación deben ser erradicados, de aí a importancia de continuar avanzando na educación en igualdade, para que as xeracións vindeiras vivan nunha esfera de respecto á diversidade, de tolerancia e de paz, superando antigos conceptos, actitudes e comportamentos que están na base da desigualdade existente entre mulleres e homes.*

*Insistimos na necesidade de avanzar cara a unha sociedade na que mulleres e homes sexan diferentes en tanto que persoas, pero iguais en dereitos e oportunidades estando dispostos e dispostas, dende o Concello da Estrada, a poñer o noso empeño en continuar traballando na procura destes obxectivos, instando a todas as administracións e institucións competentes para a consecución dos principios antes citados.”*

**8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO AO PASAMENTO EN CUBA DE D. ORLANDO ZAPATA.** O secretario pon de manifiesto que obra no expediente o ditame aprobado pola Comisión Informativa de Benestar Social, adoptado en sesión do 26-02-10, cos votos a favor de todos os seus compoñentes, a excepción dos representante do BNG que se abstivo.

**Sr. Reboredo Baños:** *A pesares dos esforzos que se fixeron na comisión para chegar a presentar unha proposta de consenso, non foi posible chegar a eses acordos, e lamentamos profundamente que o BNG non se queira sumar a esta condena; entendemos que coa súa actitude o que trata é de esquivar unha referencia directa*

*que condene a situación que están a vivir en milleiros de cubanos e cubanas, que se ven privados dos seus dereitos máis fundamentais como son a liberdade de pensamento e de opinión, cidadáns que se ven perseguidos por un réxime ditatorial dende hai máis de cincuenta anos. Como consecuencia desta ditadura, tan atroz como todas as ditaduras, que se está a exercer na illa caribeña, derívanse varios feitos gravísimos. Por un lado, máis de douscentos presos de consciencia (que se saiba, os que haberá...), presos que están a vivir en condicións infrahumanas nas cadeas cubanas, a quen se lles nega calquera contacto coas súas familias, que foron condenados a través de condenas inquisidoras, sen garantías xurídicas de ningún tipo, condenas que van máis alá dos vinte anos por motivos de pensamento, ata que morren neses cárceres; milleiros de disidentes no exterior, con eses episodios tan trágicos dos balseiros cubanos, que tratan de buscar un futuro que na illa non poden alcanzar. Imposibilidade de libre circulación dos cidadáns fóra das súas fronteiras; imposibilidade de acceder á información; control absoluto dos medios de comunicación para ter sometido ao pobo; unha policía política represiva..., en definitiva, todos os rasgos dunha ditadura. E non hai ditaduras de esquerdas nin de dereitas, hai ditaduras; todas deben ser condenadas. E polo tanto, nós lamentamos que non se puidese alcanzar ese acordo de consenso, e polo tanto nós pensamos que non paga a pena seguir discutindo sobre o tema, pero si é importante que nas actas desta Corporación queden reflectidas as posicións de cada un para que os estradenses do mañá saiban ( máis cedo ca tarde, a situación en Cuba volverá a ser un país democrático), saiban onde estaba cada un dos seus representantes políticos neste momento. E dicir que tarde ou cedo serán condenados polos tribunais internacionais, non lle caiba dúbida, pero en vez de ir a un cemiterio de ilustres, eses persoeiros, eses ditadores, irán a un cemiterio de indesexables, que se construírá tamén na illa caribeña. Nada máis.*

***Dona Raquel López Doce, do BNG:*** Dende logo o BNG tamén quere que quede recollido na acta, cal foi a proposta remitida no día de onte ao concelleiro non adscrito Sr. Reboredo Baños, como formulante da moción na comisión informativa e tamén ao voceiro do PP para alcanzar un pronunciamento unánime desta Corporación á vista do ditame, da proposta de resolución, que se ditaminou na comisión informativa citada polo secretario e que non alcanzou ese pronunciamento unánime, xa que tal e como estaba formulada non contaba nin conta, xa o teño que avanzar, co respaldo do BNG. Eu tamén creo que debe quedar constancia da postura de cada quen en cada cuestión, e dende logo ao BNG non lle avergoña a súa posición. E a proposta de resolución que formulamos é que o Pleno da Corporación lamenta o falecemento do cidadán cubano Orlando Zapata, e reclama aos distintos gobernos e estados do Mundo o respecto aos dereitos humanos e á liberdade das persoas e dos pobos, e que se dea traslado desta resolución á Organización das Nacións Unidas; esa foi a proposta que non foi aceptada nin polos concelleiros non adscritos nin polo PP. Non sei se queremos sacarlle punta a esta cuestión, e dende logo fixéronse públicos recentemente documentos que aclaran bastante cal foi a situación real e o trato recibido por esta persoa. Dende logo, para o BNG todas as vidas son importantes, todas as vidas son valiosas, lamentamos a perda dunha vida humana, pero tamén entendemos que se está orquestrando unha campaña en torno á morte dunha persoa, á que se trata como disidente e como que se encarcerou por motivos políticos, cando está probado que era un preso común, que posteriormente a ser condenado alegou motivos de consciencia, entón non sei se queremos facer causa desta cuestión e iniciar un debate para non poñernos de acordo finalmente, pero o BNG non se avergoña da súa posición e non imos dar o noso voto favorable a esa proposta de resolución saída da comisión e manteremos a nosa abstención.

***Sr. Reboredo Baños:*** Sr. Alcalde, eu pediría que se dese lectura por parte do

secretario, do ditame proposto na comisión e aprobado coa abstención do BNG.

**Sr. Alcalde:** *Imos ver, hai un ditame, e pasamos a votar, se non hai ningunha emenda, ese ditame.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Non, pero eu teño unha segunda intervención e quero facer uso dela.*

**Sr. Alcalde:** *Entón fágaa.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Digo que me gustaría, para rebater á Sra. López Doce, que se dea lectura ás dúas frases do ditame, que non se lle deu lectura.*

**Sr. Alcalde:** *Imos ver, vostede ten dereito..., ben, non ten dereito porque este Pleno aos tráfugas non lle dá ese dereito, pero eu estoullo dando, e voulo dar.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Mire, vostede en definitiva é o Alcalde da Estrada, e como tal debería ter a suficiente elegancia e educación para respectar a todos os concelleiros desta Corporación, que están representando unha opción recollida lexitimamente na Constitución Española. E vostede leva todo o día buscando o aplauso fácil, e iso é de mediocres.*

**Sr. Alcalde:** *Sr. Reboredo, reitérolle; aínda que vostede non ten dereito por decisión deste Pleno, a unha segunda intervención, nunca lla neguei, ¿verdade?. E vostede sabe perfectamente por que este Pleno tomou esta decisión; a pesares diso, voulle permitir que faga esa segunda intervención. Pero por favor, faga a intervención e non cree máis problemas.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Eu non lle estou a vostede recriminando a quenda de palabra que me corresponde por lei, estou denunciando a súa actitude, impropia dun Alcalde, e estou no dereito de solicitar unha cuestión de orde.*

**Sr. Alcalde:** *En calquera caso, reitérolle que o que lle dixen é un acordo deste Pleno.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Contestándolle a Dona Raquel, dígolle que a nosa proposta, que figura no ditame da comisión, é exactamente a mesma, simplemente que onde nós poñemos “condena”, vostedes poñen “lamenta” e onde nós dicimos “se dea traslado á embaixada de Cuba en España, ao Ministerio de Asuntos Exteriores”, vostede para saírse “de rositas” e non condenar publicamente, sae dicindo que non acepta iso. E a proposta que faciamos era “A Corporación do Concello da Estrada, lamenta e condena o falecemento do cidadán cubano Orlando Zapata, e reclama ao Goberno Cubano e aos demais gobernos e estados do mundo o respecto aos dereitos e á liberdade das persoas e dos pobos e que se lle dea traslado á embaixada cubana” [que vostedes non queren, será porque igual non os deixan entrar a Cuba despois],” ao Ministerio de Asuntos Exteriores e á ONU”, polo que creo que xa o dixen claramente: o que pretendían era pasar de rositas. Pero mire, pero como eu non vou falar máis deste tema, voulle dar voz a un cubano.*

Neste, o Sr. Reboredo Baños procede á lectura dun texto, segundo se reproduce a continuación:

**Sr. Reboredo Baños:**

*“Carta do Doctor Biscet, desde a unha cadea cubana. Estou na cadea Kilo cinco e medio de máximo rigor da provincia de Pinar del Río, aquí me trouxeron o vinte e tres de abril,*



xunto con outros tres disidentes Héctor Palacios, Pepito e Nelson Molinet. Chegamos ao redor das cinco da tarde, fomos trasladados dende a Villa Marista cuartel da policía política cubana nun van e custodiados por dous coches G-2 cubanos dende a cidade de La Habana. Dende un inicio, negueime a utilizar o meu uniforme de preso, pois lesiona a miña dignidade de cidadán inocente, ademais non acepto o título de mercenario que nos quixeron impoñer, como tampouco acepto o falso xuízo dirixido por Torquemada. Ante estes alegatos, e a non cooperación pacífica miña, os gardas alí presentes, procederon a desnudarme pola forza e poñerme o uniforme de recluso en contra da miña vontade, aínda que debo aclarar que non me golpearon fisicamente. Posteriormente quitáronme todas as miñas pertenzas, incluídas a roupa interior, e conducíronme a unha cela escura e suxa na que a única ventilación que recibía era ollín e fume de petróleo da cociña do cárcere. Inmediatamente quitei a camisa do uniforme de recluso. Na mesma cela estiven ata o vinte e nove de maio con dous reclusos asasinados e perigosos fronte a min. Tiven a necesidade de permanecer co short do uniforme, pois sempre fun un home correcto e nunca estaría espido na publicidade. Estaba desorientado no tempo, sen ler nin escribir, só estaba orientado no espazo. A tensión tivena alta, sabíao ao tomarme o pulso e porque as encías me sangraron. Agora estou illado nunha cela pequena, con condicións mínimas pero mellor, pois entra o sol e non o fume do petróleo da cociña. Estou máis máis tranquilo agora e os golpes da porta e os berros dos reos son illados. Levo varios días durmindo na lousa de cemento, xa estou acostumado, creo que non pedirei máis o colchón. O primeiro aseo recibino o 28 de maio, un mes e seis días despois. As cartas e fotos da miña familia, incluídas as pertenzas que trouxen aínda non mas entregaron. Hoxe un oficial da seguridade do Estado, aseguroume que podía escribir á miña familia, e ao parecer, vai ordenar que me dean as miñas pertenzas, creo, asegúrolles que máis ca unha tortura foi estar 36 días no inferno, pero Deus nunca me abandonou, xa que me enviou hai uns días a súa palabra, unha bíblia mediante un reo. Nestes momentos non recibo periódico ningún nin me permiten ter radio nin televisión, non teño noticias ningunhas do que sucede no meu país nin no mundo. Obrigáronme a non ver á miña familia, incomunicado, pero pódovos asegurar que na miña mente e non meu corazón sempre estivo e estará a miña familia, especialmente a miña muller Elsa Morejón, pois tiven noticia das súas frecuentes viaxes aquí á prisión e coa dignidade que reclamou os meus dereitos. Aos meus irmáns no exilio, á comunidade internacional que reclamou a miña liberdade e a dos meus irmáns. Recorden que nunca traicionarei unha causa xusta, por favor non mo pidan, a miña inspiración e a dos grandes mestres está hoxe máis viva ca nunca. Como dixo Martin Luther King, cando un pobo é capaz de atopar entre as súas filas un cinco por cento dos seus homes dispostos a ir voluntariamente á cadea por unha causa que eles consideran xusta, entón non haberá obstáculo que poida detelo. Unha aperta e que Deus os bendiga a todos Dr. Óscar Elías Biscet González, presidente da Fundación Laptum de dereitos humanos e prisioneiros de consciencia. Esta é a voz do pobo.

**Sr. Alcalde:** *Moi ben, pasamos entón a votar o ditame da comisión.*

**Sr. Secretario:** *Sr. Alcalde, se mo permite noutra ocasión. Simplemente para lembrar o sinalado polo ROF de que, a solicitude de calquera grupo (neste caso do Concelleiro non adscrito) deberá darse lectura íntegra a aquelas partes do expediente, do informe ou do ditame da Comisión que se considere conveniente para mellor comprensión. Entón, se o Sr. Reboredo Baños desexa que dea lectura...*

**Sr. Alcalde:** *Non hai ningún inconveniente.*

**Sr. Secretario:** *Ben, o contido íntegro do ditame é o seguinte: “Propónse a condena dos feitos acaecidos en Cuba con motivo do falecemento de D. Orlando Zapata e pídesse o respecto aos dereitos humanos e ás liberdades de todos os cidadáns cubanos, e que se dea traslado desta condena ao Ministerio de Asuntos Exteriores e á Embaixada de Cuba en España”.*

Sometido o asunto a votación, resultan dezaoito votos a favor (PSdeG – PSOE, PP e non

adscritos) e dúas abstencións (BNG), polo que por maioría se adopta o seguinte ACORDO:

Condenar os feitos acaecidos en Cuba con motivo do falecemento de D. Orlando Zapata e pídese o respecto aos dereitos humanos e ás liberdades de todos os cidadáns cubanos, e que se dea traslado desta condena ao Ministerio de Asuntos Exteriores e á Embaixada de Cuba en España.

**9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE CULTURA, SOBRE APOIO Á SOLICITUDE DE CONCESIÓN AO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA MANUEL GARCÍA BARROS DO BACHARELATO DE ARTES NAS SÚAS DÚAS VÍAS DE ARTES PLÁSTICAS, DESEÑO E IMAXE, E ARTES ESCÉNICAS, MÚSICA E DANZA.**

Non producíndose intervención ningunha o Pleno da Corporación, adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

Considerando, que un dos sinais de identidade do Concello da Estrada é a súa forte vinculación coas artes. Esta vinculación se manifesta ao longo de toda a súa historia de un modo visible como berce de importantes creadores no ámbito da literatura, das artes plásticas e da música. Pero, sobre todo, e quizais dun xeito máis transcendente, no habitual discorrer da vida do pobo ao longo das décadas, no que o achegamento ás artes faise dun modo natural e continuado de xeito que resulta difícil atopar outro exemplo dunha vila do tamaño da nosa na que florezan deste xeito galerías de arte, grupos de música tradicional (moderna e clásica), compañías de teatro, revistas literarias, escolas de danza, e un longo etcétera que sobrepasa o ámbito desta proposta.

Visto que, en todo este proceso de vivencia artística no cotiá, hai que salientar ademais o extraordinario labor que nese aspecto desenvolve o IES “Manuel García Barros” que esta a demostrar unha sensibilidade e un compromiso absolutamente extraordinario e digno de ser imitado. Non tan só coa creación do seu exitoso taller de expresión artística senón, en xeral, cunha preocupación pola creatividade que deixa unha fonda pegada en todas as súas manifestacións pedagóxicas.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cultura ao respecto do anterior.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Cultura en sesión de data 23 de febreiro de 2010.

ACORDAMOS.

Prestar o noso máximo apoio á solicitude do IES “Manuel García Barros” para a impartición do Bacharelato das Artes nas súas dúas vías de artes plásticas, deseño e imaxe e na de artes escénicas, música e danza.

**10º.- DACIÓN DE CONTA DO AGRADECIMENTO Á CORPORACIÓN REMTIDO POR D. ROBERTO BLANCO VALDÉS.**

Dáse conta ao Concello Pleno da nota de agradecemento remitida por D. Roberto Blanco Valdés, en contestación ao apio institucional ante a acción perpetrada sobre a súa persoa. O Sr. Alcalde procede á lectura da nota:

*Sr. Alcalde:*

“Prezado José Antonio, prégoche que no meu nome e no da miña familia, fagas chegar á Corporación que presides o noso máis sincero agradecemento polo voso apoio e solidariedade. Máis alá da cercanía dun veciño da nosa Estrada, o acordo que me transmites é unha defensa da liberdade de expresión que, ou de todos ou non é

de ninguén. Recibide todos o noso máis sentido afecto de todo corazón. Unha forte aperta'. Roberto Blanco Valdés".

A Corporación queda sabedora.

## **B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-**

**11º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO DO 16 AO 31 DE DECEMBRO DE 2009, ASÍ COMO NO MES DE XANEIRO DE 2010.** Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 1478 e 1567 correspondentes aos días do 1 ao 15 do mes de decembro de 2009.

A Corporación queda sabedora.

## **12º.- ROGOS E PREGUNTAS:**

***D. José López Campos, do PP:*** *Visto o transcurso e as actitudes deste Pleno, que veñen a refrendar o pasado tamén no Pleno pasado, quero comezar cun rogo directamente ao Sr. Alcalde: rógo lle eu, en representación de toda a oposición municipal, que estea vostede á altura das circunstancias e domine as incontinencias verbais. Eu creo que as actitudes demostradas no Pleno do pasado mes, insultando a min persoalmente como voceiro do PP e creo que saíndose de ton...; á parte, o Secretario acaba de ratificar o que pedía o Sr. Reboredo. Cunha actitude pouco democrática, me parece, cando o Sr. Reboredo estaba no dereito de pedir que se lese o ditame da comisión, vostede cualificou, ou insultou ou pretendeu insultar a esta Corporación Municipal cun adxectivo cualificativo que non se axusta á súa situación política. Rogaríalle que se poña tranquilo, que non se poña nervioso e que saiba o cargo que ocupa, que respecte a todos e cada un dos membros da Corporación Municipal, o que fará que teñamos un clima para traballar en beneficio da Estrada, que creo que os veciños e veciñas nolo van agradecer.*

*Tamén lle quería facer unha serie de preguntas na parte de control da xestión.*

*En primeiro lugar, tivemos coñecemento durante os últimos días dunha serie de deficiencias que foron comunicadas ao Concello, concretamente na parroquia de Agar, e parece ser que hai varios escritos, varias solicitudes presentadas no Concello e que de momento non tiveron contestación, polo que eu quería facer as seguintes preguntas: ¿En que estado se atopan as solicitudes feitas polos veciños da parroquia de Agar no mes de abril de 2009, en relación á iluminación pública para o campo da festa?*

***Sr. Alcalde:*** *Contestarémolle por escrito.*

***D. José López Campos, do PP:*** *¿En que situación se atopa a solicitude feita polos veciños de Agar en data 13 de abril de 2009, sobre a mellora da capa de rodaxe e limpeza de foxos nas pistas de concentración parcelaria de Agar?.*

***Sr. Alcalde:*** *Contestarémolle por escrito.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿En que estado se atopa a solicitude feita polos veciños de Agar na mesma data que as anteriores, hai practicamente un ano, para o ensanche do camiño no lugar de Sorribas con acordo por parte dos veciños para ceder os terreos ocupados?.*

**Sr. Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿En que estado se atopa a solicitude formulada polos veciños de Agar, tamén con data 3 de marzo de 2008 ( fixo onte dous anos), para o acondicionamento da pista e limpeza de foxos no lugar do Outeiro?.*

**Sr. Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

**D. José López Campos, do PP:** *Tamén creo que é conveniente facer unha serie de preguntas, xa que estamos vendo que o Goberno Municipal non está para dar cumprimento ás súas obrigas, no que respecta ao Regulamento de Participación Cidadá. Eu creo que fixeron, como dicía antes a voceira do BNG, un brinde ao sol extraordinario aprobando ese regulamento, pero de nada vale se non o poñen en práctica, coas obrigas que establece ese regulamento, e eu quero recordar que no seu art. 11 o Regulamento di que se dará “publicidade ás actas das sesións plenarias e a tódolos acordos do Pleno, da Xunta de Goberno Local, así como resolucíons da Alcaldía, utilizando os seguintes medios: edición cunha periodicidade mínima trimestral, dun boletín informativo municipal, inclusión das actas na páxina web do Concello e remisión ao enderezo electrónico das actas a aquelas entidades que o soliciten”. Tendo en conta esta situación, queriamos formular unha serie de preguntas:*

*¿Está o Goberno Municipal a cumprir o Regulamento de Participación Cidadá?.*

**Sr. Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿Están a incluír as actas de Pleno e Xunta de Goberno Local así como as resolucíons na páxina web do Concello?.*

**Sr. Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿Están a remitir ás entidades solicitantes as actas e convocatorias por enderezo electrónico?.*

**Sr. Alcalde:** *Ídem da anterior: Contestarémoslle por escrito.*

**D. José López Campos, do PP:** *Aquí hai un aspecto que eu creo que é importante, e dende logo creo que debemos aclarar determinados conceptos que ao mellor a nós se nos escapan, pero que vista a actitude do Alcalde, como vén sendo habitual, de non dar contestación a lexítimas preguntas de fiscalización por parte da oposición..., pero isto xa é habitual, polo tanto xa estamos acostumbrados, esperaremos un mes a que nos contesten sucintamente as respostas que lle pedimos, que logo non se axustan ás preguntas que lle facemos, pero darémonos por satisfeitos, pois iso é todo o que son capaces de facer de cara a facilitar o labor da oposición. Creo que hai un aspecto que é importante nese Regulamento, nese artigo 11, onde se fala cunha periodicidade mínima trimestral dun boletín informativo municipal. Ben, isto creo que trae a colación determinadas preguntas e*

*determinadas informacións que circulan pola rúa das que nos facemos eco e das que nos gustaría ter cumprida resposta.*

*¿Correspóndese a revista municipal Cousas da Estrada co compromiso establecido no Regulamento de Participación Cidadá de editar un boletín informativo municipal?*

**Sr. Alcalde:** *Non.*

**D. José López Campos, do PP:** *Entón, ¿cal é a relación concreta do Concello e do Goberno Municipal co proxecto editorial difundido recentemente como revista municipal cuadrimestral “Cousas da Estrada”?*

**Sr. Alcalde:** *Pois a relación que hai cos outros medios: facilitamos a información e insírese propaganda pero sen máis. É unha empresa independente que ademais realiza este boletín noutros moitos concellos, entre eles, Sanxenxo, Cambados..., quero dicir que é algo que se fai a nivel global por parte dunha empresa que recada financiamento a través de publicade e non ten nada que ver co que se diga no Regulamento Municipal.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿Todas as revistas que publican no resto dos concellos de Galicia, teñen na súa portada o escudo do concello onde se edita?*

**Sr. Alcalde:** *Non teño nin a máis remota idea, pois iso é o que fai a xente que a edita, pero nós non participamos na edición para nada, máis que dar a información que se nos solicita; polo tanto non coñezo ningunha outra de ningún concello. Si sei que se fai en máis concellos, citei eses dous, pero hai máis das provincias de Pontevedra e da Coruña nos que se edita esta publicación e se vostede consulta con algún deses concellos, poderanlle dicir como sae nos outros concellos, pero dende logo, non teño coñecemento máis do que transmite o editor por parte das persoas que están en contacto do Concello.*

**D. José López Campos, do PP:** *Coñece ao editor entón. ¿Colabora o Concello da Estrada dalgunha forma, económica ou con contidos ou publicidade nesta revista que como vostede sabe, non conta cos requisitos necesarios para estar editada?. No se sabe quen a edita, quen publica, non se sabe se ten o debido rexistro de publicación que teñen que ter todas as revistas que se publican cunha periodicidade determinada. ¿Colabora ou colaborou o Concello da Estrada na publicación desta revista “Cousas da Estrada” de forma económica?.*

**Sr. Alcalde:** *Colabora igual que coas outras publicacións que hai no Concello da Estrada, tanto locais como doutro tipo.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿Que relación vincula ao Goberno da Estrada e ó Goberno Local coa axencia de publicidade Equipo, encargada de xestionar esta publicación segundo datos do número de teléfono que figura na propia revista?*

**Sr. Alcalde:** *Nin máis nin menos que calquera outra publicación das que existen neste momento.*

**D. José López Campos, do PP:** *Estoulle preguntando pola empresa Equipo, encargada de xestionar publicidade nesta revista.*

**Sr. Alcalde:** *Eu non teño ningunha relación con esa empresa.*

**D. José López Campos, do PP:** De tratarse dunha revista motivada ou inducida polo Concello, ¿que procedemento administrativo ten empregado o Goberno Municipal para adxudicar á axencia de publicidade Equipo a xestión publicitaria desa revista?.

**Sr. Alcalde:** Non é unha revista impulsada por este Concello, como xa lle dixen anteriormente.

**D. José López Campos, do PP:** Consta nesa revista que é unha revista municipal de carácter cuatrimestral.

**Sr. Alcalde:** Dígolle que non teño ningunha relación con esa empresa máis que con calquera outro medio de comunicación.

**D. José López Campos, do PP:** Co escudo do Concello da Estrada na súa portada. ¿É consciente o Alcalde de que persoas vinculadas ao Goberno teñen realizado chamadas a diferentes empresas para instalos a inserir publicidade na revista Cousas da Estrada?.

**Sr. Alcalde:** Non son consciente diso nin creo que iso sexa certo.

**D. José López Campos, do PP:** Temos constancia, e está contrastado por parte de diversas fontes, que se teñen producido chamadas por parte do Goberno Local a empresas quen non tiñan vontade de anunciarse nesa revista.

**Sr. Alcalde:** Ben, vostede terá que dicir que empresas, que membros do goberno e de que empresas me está falando.

**D. José López Campos, do PP:** Non, eu estou preguntando.

**Sr. Alcalde:** Si, pero se quere que eu lle corresponda, terá que dicir que membro do Goberno chamou e a que empresa chamou.

**D. José López Campos, do PP:** Eu estoulle dicindo que nós temos constancia de que determinadas empresas que se negaron a inserir publicidade, recibiron a chamada do Goberno, dalgún membro do Goberno para obrígalos a inserir publicidade, e se considera vostede (quero facer esa pregunta), que iso se pode tratar dunha proba de feito para demostrar a implicación do Goberno Municipal nesa revista.

**Sr. Alcalde:** Eu dareille a miña opinión a ese respecto cando vostede diga que membro do Goberno e a que empresa chamou.

**D. José López Campos, do PP:** Aquí de momento o que pregunta son eu.

**Sr. Alcalde:** E o que resposta son eu.

**D. José López Campos, do PP:** Claro, pero de momento o que fai as preguntas son eu, e eu preguntarei o que considere oportuno para fiscalizar o labor do Goberno.

**Sr. Alcalde:** E eu contestarei o que considere oportuno contestarlle. Pode continuar.

**D. José López Campos, do PP:** Perfecto, seguiremos sobre este tema. Estamos seguros de que hai bastantes cousas que aclarar neste tema. Imos ao tema das obras que se fixeron a través do Plan E na Praza do Mercado, na Praza Martínez Anido, e supoño que vostede saberá que o 3 de decembro, o colectivo de veciños,

*comerciantes e usuarios desa praza presentaban un escrito avalado por 442 sinaturas, para poñer de manifesto as deficiencias detectadas nas obras realizadas nesa praza. Entre as deficiencias máis importantes, eu creo que faltan actuacións que garantan a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida, a inexistencia de zonas de carga e descarga para dar servizo ao entorno da praza, para a ordenación da praza, que está a causar grandes problemas aos usuarios, propietarios de negocios e veciños, a eliminación do proxecto de contedores soterrados, a falta de espazo para aparcamentos, cumprimento da normativa de seguridade na zona de xogos infantís, etc, estaba recollido nese escrito. Nós consideramos que tres meses despois de ter presentado ese escrito, é tempo máis ca suficiente para que ese grupo de persoas que se presentaron con ese escrito, avalado con 442 sinaturas, teñan cumprida resposta por parte do Concello, e como isto non se ten producido, o PP quere formular as seguintes preguntas: ¿Ten constancia vostede dese escrito reclamando melloras na Pza. do Mercado?.*

**Sr. Alcalde:** *Si señor.*

**D. José López Campos, do PP:** *Despois de máis de tres meses, ¿ten contestado a este escrito presentado por 442 veciños, comerciantes e usuarios da Pza. do Mercado?*

**Sr. Alcalde:** *O Goberno xa tomou un acordo no pasado ano, de facer un investimento que mellore os servizos nesa praza e esa é a contestación; imos mellorar os servizos nesa praza; o que si, mentres eu sexa Alcalde, os coches non van volver pasar pola Pza. Martínez Anido.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿Cre vostede que despois de ter investido preto de 240.000 euros, que son corenta millóns de pesetas, e tres meses despois de ter rematado as obras é unha xestión óptima pola súa parte que teña que remodelar as actuacións feitas nesa praza tres meses despois de telas feitas?.*

**Sr. Alcalde:** *Eu creo que é unha xestión óptima deste Goberno a que se fixo nesa praza, na Praza da Feira, na Alameda, porque estiveron absolutamente abandonadas nos quince anos que estiveron vostedes xestionando aquí neste Concello.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿Que actuacións ten pensado facer para corrixir esas graves deficiencias postas de manifesto no escrito?.*

**Sr. Alcalde:** *Eu non sei a que deficiencias se refire, nós xa tomamos un acordo para rectificar determinadas deficiencias que nós detectamos, pero que en ningún caso se vai permitir a circulación de coches por esa praza.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿Ten pensado planificar unha reunión cunha representación deses veciños para consensuar solucións a eses problemas?.*

**Sr. Alcalde:** *Non.*

**D. José López Campos, do PP:** *Pois dende o PP rogámoslle que planifique unha reunión con eses veciños, en aras de buscar unha solución de consenso e unha solución aceptable para todos, que eu creo que en democracia é o máis recomendable, como exercicio saudable de hixiene democrática e despois para que vostede poida tomar as súas propias conclusións.*

**Sr. Alcalde:** Ben, eu xa me reunín con estes veciños en máis dunha ocasión; creo que vostede xa se reuniu máis veces con eles ca min. E xa esgotei a cantidade de reunións que tiña que facer, tomei as decisións que considero que dende o Goberno temos que tomar e non imos seguir mareando.

**D. José López Campos, do PP:** Presupón vostede demasiado, Sr. Alcalde, e iso ao mellor algún día lle recordarei, ou imos facer unha pregunta: ¿recorda vostede unha conversa que tivemos na mesa electoral de Sta. Cristina de Veá?

**Sr. Alcalde:** Non.

**D. José López Campos, do PP:** Pois voulla recordar eu, cando vostede afirmou tan galantemente, como é vostede, dicindo que as eleccións que tiña que perder na Estrada xa as perdera todas. ¿Recorda vostede esa conversa que tivo comigo?. Foi tres horas antes de ser as eleccións autonómicas do ano 2009, aconsellándome que me retirase da vida política porque mentres que vostede se presentase como Alcalde, eu non tiña nada que facer na Estrada, ¿recórdao non?.

**Sr. Alcalde:** Non, non recordo.

**D. José López Campos, do PP:** Ben, pois recórdollo eu.

**Sr. Alcalde:** Non adoito falar tanto, paréceme moito texto para min, pero ben.

**D. José López Campos, do PP:** Non, foi fumando un pitillo na porta electoral do Colexio de Sta. Cristina de Veá. Dixo que as eleccións que tiña que perder na Estrada vostede xa as perdera todas e tres horas despois o PP sacou maioría absoluta na Estrada. Iso, siga vostede por ese camiño.

**Sr. Alcalde:** Non, maioría absoluta aínda é para o ano que vén, de momento non hai maioría absoluta..., para o ano que vén, pero ímola sacar nós, non vostede.

**D. José López Campos, do PP:** Si, maioría absoluta na Estrada. Como siga cumprindo as súas palabras estamos tranquilos, porque non acerta unha, iso está claro.

**Sr. Alcalde:** Mellor que estea vostede tranquilo.

**D. José López Campos, do PP:** Imos falar doutro tema, que eu creo que é importante e á parte está de actualidade, e eu creo que debemos cando menos preguntar por el, que foi os danos sufridos polos efectos do temporal, que tivo efectos negativos sobre todo no que foron as infraestruturas do rural. Temos constancia de moitas queixas de veciños, que recollen que despois deste paso deste temporal e das intensas chuvias, o estado das estradas quedou bastante afectado e queremoslle facer as seguintes preguntas: ¿Teñen constancia de que se produciu un deterioro en gran número de pistas no noso concello despois do temporal da pasada fin de semana?

**Sr. Alcalde:** Pois si, non tanto como noutros sitios, pero os temporais teñen efectos secundarios en todas as zonas, pero a verdade é que non foi este o peor temporal; tamén é certo que levamos un inverno moi intenso de chuvias e isto ten un efecto sobre as estradas que non é o desexado. É certo tamén que dende hai moitos meses temos un equipo de bacheo que está destinado en exclusiva ao mantemento das nosas infraestruturas viarias, e tamén é certo que están mellor que cando



*governaron vostedes en temporais, e polo tanto sabendo que temos problemas, temos actuado xa para corrixilos. É evidente que os temporais teñen efectos en todos os sitios.*

**D. José López Campos, do PP:** *Á parte da palabra, que está moi ben, ¿teñen feito algunha valoración concreta das deficiencias?*

**Sr. Alcalde:** *Evidentemente.*

**D. José López Campos, do PP:** *¿Que medidas teñen pensado poñer en marcha para solucionarlas?*

**Sr. Alcalde:** *Pois todas as necesarias, utilizar as nosas brigadas e contratar o que non poidamos facer nós, se realmente é necesario facer algunha actuación que non puidesemos facer nós. En principio pensamos que cos medios que temos podemos resolver todas estas deficiencias que se produciron, moitas delas xa corrixidas, como retirar desprendementos de terra que houbo, e muros de contención, unha serie de problemas que xa se corrixiron; as próximas vanse corrixir se nalgún momento se produce algunha catástrofe como foi en Serafín Pazo, en Bedelle, que se produciu unha obra que polas súas características dende o Concello non podemos facer fronte, pois evidentemente teremos que recorrer a contratar fóra, pero de momento, temos uns medios que neste momento teñen capacidade suficiente para ir resolvendo os problemas que se nos deron.*

**D. José López Campos, do PP:** *Moi be, grazas.*

**Dona Giselle Maïssa, do PP:** *Unha pregunta moi concreta, ¿que pasa cunha moción que presentou este Grupo Municipal do PP no Rexistro do Concello da Estrada con data 10 de febreiro de 2010, número 1505 no que o grupo municipal solicitaba recuperar unha documentación do Instituto Nacional de Secundaria Sánchez Cantón de Pontevedra?*

**Sr. Alcalde:** *Neste momento, non teño coñecemento, pero en calquera caso, voume interesar por esa moción, a ver se está perdida, pero puido pasar que se traspapelase dun departamento a outro. Non sei exactamente en que momento está, voume interesar pola moción e evidentemente levarémola á comisión correspondente.*

**Sr. José Vicente, do PP:** *No lugar de Cepetelo en Tabeirós, hai un tubo que está cheo de terra, leva xa dous meses; avisaron ó Concello diferentes meses, e segue indo a auga pola estrada.*

**Sr. Alcalde:** *Ben, grazas, tomamos nota.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Ben, voulle facer tres rogos. O primeiro é rogarlle a vostede que lle dea resposta aos grupos da oposición das preguntas que lle fixemos no Pleno anterior, porque se vostede non contesta pois non imos a ningún lado, entón, menos recurso ao aplauso fácil e máis traballar.*

**Sr. Alcalde:** *Eu, pola miña parte considero que se contestan, e se hai algunha que non se contesta, pídolle que mo reclame, que eu contestareilla sen problema, sempre e cando poida contestala aquí no Pleno.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Fíxenlle unha pregunta no Pleno anterior, preguntándolle en que estado estaban os puntos de acceso públicos para acceso a Internet, e vostede contestoume: “ben, trasladarémolle iso aos responsables para ver se iso é así”, pero esa creo que non é unha resposta.*

**Sr. Alcalde:** *Eu creo que si. Vostede preguntoume, e eu non teño coñecemento aquí do que está pasando cun punto concreto que está na rúa, e terei que preguntarlle aos responsables deses puntos en que situación están.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Non lle digo o contrario, pero vostede terá que trasladarme a min a resposta á pregunta que lle fixen.*

**Sr. Alcalde:** *Pois eu transmitireille a resposta que me dean os técnicos a esa pregunta sen ningún problema.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Ben, un rogo dirixido á primeira tenente de Alcalde. A estrada que baixa de Vilanova a Pontecesures, na estrada que baixa dende a capela ata a igrexa de S. Miguel de Barcala, xa os veciños pediron en máis dunha ocasión que se procedese á limpeza dos foxos e tamén a unha capa de rodadura ou ao bacheo da mesma. Hai que lembrar que os foxos non están limpos e que a auga que está baixando do monte provoca que continuamente estea levantando o aglomerado, polo que pregámoslle que visite esa zona, e que proceda a solucionar o problema cos veciños de Barcala.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Outro rogo, este vai dirixido ao Alcalde por ser da súa competencia. Entendemos, tamén seguindo indicacións dos veciños, que o estado actual da Avda. de Santiago, dende o seu inicio no semáforo, abaixo, na rotonda de Figueroa, presenta un estado bastante deteriorado, bastante lamentable, e é unha vía que ten un tráfico intenso, entón nós rogámoslle que elabore un proxecto técnico; nós aí cremos que habería que realizar un escarificado para baixar o nivel e non pasar das beirarrúas, e ao mesmo tempo botarlle unha capa de rodadura que cremos que é necesario. Nada máis.*

**Sr. Alcalde:** *Coincidimos.*

**Sra. Godar Soto, do PP:** *Un primeiro rogo, que vai dirixido á Sra. tenente Alcalde, que cando fagan preguntas neste Pleno, que lle conteste primeiro á concelleira que á prensa. Rogaríalle que por un motivo de forma e decoro, a partires de agora o faga así, que é o trámite procedemental oportuno.*

**Sra. Godar Soto, do PP:** *Tamén unha pregunta, nunha actuación feita polo Concello ao abeiro da Resolución feita pola Consellería de Traballo de reparto de axudas destinadas a realizar actividades de busca de emprego, onde se lle concedeu á Estrada un importe de 8.256,47 euros.*

**Sra. Godar Soto, do PP:** *Tamén con respecto ás xestións que tamén fixo Dona Raquel López Doce cos responsables das empresas polas obras do TAV en S. Miguel de Castro, preguntar se ten constancia se xa está arranxado a día de hoxe.*

**Sra. López Doce, do BNG:** *A día de hoxe non llo podo confirmar, pero as condicións meteorolóxicas impediron facer a actuación, pero tan pronto se establece o tempo, é posible que se poida facer mañá. Hoxe non choveu, non sei se choverá mañá. Mentres non deixe de chover, non o poden facer.*

**Sra. Godar Soto, do PP:** Outra pregunta é sobre as actuacións levadas a cabo nos servizos municipais, por se en actualización e coordinación dos órganos técnicos con respecto ás elaboracións do PIAS e á organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, en base ao Decreto 15/2010.

**Sr. Alcalde:** Pode repetir, é que non lle entendín absolutamente nada.

**Sra. Godar Soto, do PP:** Actualizacións levadas a cabo nos servizos municipais ao abeiro do Decreto 15/2010, é unha pregunta.

**Sr. Alcalde:** Contestarémolle por escrito.

**Sra. Godar Soto, do PP:** Para maior información da Sra. López Doce, é o Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes e a adecuación dos servizos técnicos municipais a estes órganos.

Despois tamén, quizais relacionados co Sr. Espiño. ¿Por que se mercan os contedores e non se fixo ningunha petición á Xunta?.

**Sr. Otero Espiño do PSdeG – PSOE:** Á Xunta, solicitáronselle contedores verdes, e dixeron que neste momento non había dispoñibilidade, e polo tanto tampouco gastamos no escrito. Non hai inconveniente ningún en volver a solicitalo. O que si temos solicitado ata a reiteración son os de vidro, entre eles o de Campos, e non o temos aínda.

**Sra. Godar Soto, do PP:** Vale, grazas, e despois xa por último unha pregunta: se se está facendo o mantemento das depuradoras e información da periodicidade coa que se fan.

**Sr. Otero Espiño do PSdeG – PSOE:** As depuradoras, tanto a xeral como a de Codeseda e demais, teñen un funcionamento que o leva a empresa Aquagest, e a supervisión das outras tamén a leva a mesma con servizos complementarios, e están facendo os informes e as analíticas oportunas. Evidentemente, algunhas veñen fallando dende o momento da súa inauguración, pero non creo que proceda crear máis alarma sobre o funcionamento das mesmas, se quere que lle conteste dende cando non funciona algunha...

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e tres horas e vinte minutos.

A Estrada, 4 de marzo de 2010

O secretario

Asdo.: José Naveira González